

**REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA**

**MANUAL DE PROCEDEMENTO DE  
CATALOGACIÓN DE  
CARTEIS**

**María Elena García Pazos  
María Rosa Michelena Seivane  
BIBLIOTECA PÚBLICA “Miguel González Garcés” da Coruña**

## INTRODUCCIÓN

Este manual está dirixido ó persoal bibliotecario da Rede de Bibliotecas de Galicia. O seu obxectivo fundamental é o de establecer unhas regras comúns para tódalas bibliotecas na elaboración de rexistros gráficos de carteis, material especialmente significativo nas bibliotecas depositarias dos fondos procedentes de depósito legal. É importante seguir este manual para que a recuperación de información no catálogo colectivo sexa o máis eficaz posible.

Para a elaboración dos rexistros seguiremos, con pequenas excepcións determinadas polos manuais de procedemento xa realizados pola Rede de Bibliotecas de Galicia, a seguinte normativa catalográfica:

- Reglas de Catalogación. Ministerio de Educación y Cultura, 1999**
- Formato Ibermarc para registros bibliográficos, 6ª ed., 2002**
- Lista de Encabezamientos de Materia para las Bibliotecas Públicas, 2ª ed. rev., 1994**
- Encabezamientos de materia, normativa para su redacción. Biblioteca Nacional, 1991**
- CDU: Clasificación Decimal Universal. AENOR, 2000**
- Inclúense, ademais un **sistema de descritores** que indiza os carteis atendendo a grandes áreas temáticas (etiqueta 653 do Formato Ibermarc) así como ó seu xénero/forma dentro dos materiais gráficos (etiqueta 655).

O Manual de Procedemento organízase seguindo a orde das etiquetas do Formato Ibermarc, integrando nelas as referencias e explicacións pertinentes da normativa catalográfica española. Inclúense exemplos que ilustran as explicacións, aínda que, en moitos casos, ó non atopar nos carteis supostos concretos, mantivemos exemplos doutros materiais, gráficos ou non, por considerar que poden axudar á comprensión do mesmo.

Finalmente, dicir que, dada a inexperiencia xeral das bibliotecas na descrición destes materiais, este é un Manual de Procedemento que non quere ser definitivo senón tan só unha proposta que se enriquecerá, con toda seguridade, unha vez que as bibliotecas galegas inicien a organización e proceso técnico dos seus fondos de carteis.

As **Regras de Catalogación** definen o cartel como peza de papel, tea ou calquera outro material, con inscricións ou figuras, que serve de anuncio, propaganda, aviso, etc.

**As normas para a súa descrición** contéñense no Capítulo 1, Descrición Bibliográfica xeral, e no Capítulo 5, Descrición de materiais gráficos. **As normas para a elección de encabezamento** contéñense no Capítulo 14, Regras xerais e regras específicas para materiais gráficos (p. 412-416)

Nelas determínase que o cartel é un material gráfico bidimensional non proxectable, incluíndo neste grupo as estampas, debuxos, debuxos técnicos, fotografías, **carteis**, láminas, etc., xa sean orixinais ou reproducións, e excluindo o material gráfico proxectable como transparencias, diapositivas, radiografías, etc.

Aplicase a descrición a obras soltas, a grupos de obras ou coleccións así como a aqueles materiais gráficos que formen parte dun volume ou carpeta. As obras soltas poden estar publicadas ou ser inéditas (aínda que existan varias copias), e nese caso poderán ter ou non unha mención de publicación, distribución, impresión, etc. No caso de dúbida trataráanse sempre como se estivesen publicadas.

Considérase material gráfico antigo o anterior a 1901, que se describirá conforme ó establecido na Regra 5.10.

### **Organización da descrición:**

1. Título e mención de responsabilidade
2. Edición
3. Datos específicos da clase de documento
4. Publicación, distribución, etc.
5. Descrición física
6. Serie
7. Notas
8. Número normalizado e condicións de adquisición

Cada área, a súa vez, está formada por un ou varios elementos.

### **Fontes de información**

- *A fonte principal de información* para materiais gráficos é o documento en sí mesmo, incluídas rótulos, etiquetas, etc., permanentemente unidos ó documento. Se o documento que se describe está formado por varias partes físicas independentes, tratarase como fonte principal de información un posible envase que presente un título colectivo cando as partes independentes non o presenten. O mesmo aplicarase a coleccións de documentos, sempre que se describan como unidade. En ámbolos casos farase unha nota indicando a fonte da información.

Cando a información non estivese dispoñible na fonte principal, tomaranse as seguintes fontes de acordo coa seguinte orde de preferencia:

- o envase
- material anexo impreso
- outras fontes asociadas

- *As fontes de información prescritas para cada área* da descrición de materiais gráficos son:

|   | <b>Área</b>                                    | <b>Fontes de información prescritas</b>                     |
|---|--|---|
| 1 | Título e mención de responsabilidade           | Fonte principal de información                              |
| 2 | Edición  | Fonte principal de información, o envase e o material anexo |
| 4 | Publicación, distribución, etc.                | Fonte principal de información, o envase e o material anexo |
| 5 | Descrición física                              | Calquera fonte  |
| 6 | Serie  | Fonte principal de información, o envase e o material anexo |
| 7 | Notas  | Calquera fonte  |
| 8 | Número normalizado e condicións de adquisición | Calquera fonte  |

Toda a información ofrecida fóra das fontes prescritas deberá ir entre corchetes

#### **Normas xerais para a introducción de datos:**

Seguiranse as normas xerais de descrición das Regras de Catalogación [de agora en diante RC] así como as determinadas polo Manual de Procedemento de monografías da Rede de Bibliotecas de Galicia [de agora en diante MPCM da RBG].

*LINGUA E TIPO DE ESCRITURA DA DESCRICIÓN* - Onde as Regras de Catalogación din “lingua do centro catalogador”, para nós é o galego. Afecta a:

- áreas 5, 7, 8
- designación xeral da clase de documento na área 1
- mención de función de distribuidor na área 4

Polo tanto, elementos calificativos e títulos uniformes ficticios, notas, subcampos específicos como lingua (**\$l**), notas, área de descrición física, etc. irán sempre en galego

*PUNTUACIÓN* - Introducirase toda a puntuación prescrita polas regras de catalogación, dentro de cada campo antes ou despois do \$, de acordo co programa informático do que se trate (Innopac, Absys). Toda a puntuación ISBD está precedida e seguida por un espazo, excepto, coma, punto, paréntese, comiñas ou corchetes, que seguen as regras de ortografía normais.

En canto ás **interpolacións**, utilizadas xeralmente para subsanar una errata ou para indicar que un dato non aparece na fonte de información prescrita, **no caso dos materiais gráficos**, cando o dato interpolado sea dubidoso, poñeráse o signo de interrogación dentro dos corchetes. *Ex.:* [Juan?] Bravo Murillo. Xeralmente, non se completan as palabras abreviadas, pero no caso de que unha palabra, nome ou número abreviados no documento sexa difícil de comprender, completárase engadindo entre corchetes as letras ou números que falten. *Ex.:* Ast.[urias]

## OUTRAS NORMAS

**Uso de maiúsculas e minúsculas:** seguiranse as normas ortográficas da/s lingua/s da publicación e o uso que prescriban as Regras de Catalogación. (Exemplo: as entidades francesas soamente levan en maiúsculas a primeira letra da primeira palabra do seu nome)

Irán en maiúscula:

- a primeira letra da primeira palabra de cada área
- a primeira letra da designación específica de material (\$h[Material gráfico])

Irán en minúscula:

- a primeira letra da primeira palabra dos subtítulos, agás no caso de nomes propios.

**Iniciais:** Codifícanse cos puntos e cun espazo en branco entre elas:

Ex. Méndez Álvarez, José Luis L.  
Castro, J.C.

**Siglas e acrónimos:** Irán en maiúsculas, sen separación de puntos nin espazos:

Ex. ONU, AENOR, etc.

**Acentos e outros signos diacríticos:** Poñeranse sempre, de acordo co contexto ortográfico do documento e aínda que non consten na fonte da que se toman os datos.

As maiúsculas acentúanse sempre.

**Caracteres que non alfabetizan-** é o número de caracteres que se antepoñen á primeira palabra que alfabetiza dun campo.

Os caracteres que non alfabetizan son os artigos, signos ortográficos (comiñas, interrogacións, etc.) e espazos que preceden á primeira palabra do título.

Exemplos:

- 245 11 ¡Pola unión! [Material gráfico]
- 245 03 Os traballos das mulleres [Material gráfico]
- 245 11 "Pinta o indio" e pásao coma eles [Material gráfico]

## Nivel de detalle na descrición

Seguiremos o segundo nivel de detalle (5.09 B das RC), da maneira seguinte:

- no caso de **materiais gráficos publicados**, indícanse os elementos contidos en 1.0.9 B:

Título propiamente dito [Designación xeral da clase de documento] = Título paralelo : subtítulo e/ou información complementaria sobre o título / primeira mención de responsabilidade ; outras mencións de responsabilidade. – Edición / Mención de responsabilidade relativa á edición. – Datos específicos da clase de documento. – Lugar preferente de edición : editor preferente, ano de edición

Descrición física (tódolos elementos excluída a mención de material anexo). – Título propiamente dito da serie / mención de responsabilidade relativa á serie, número normalizado da serie; número de serie. Título de subserie, número normalizado da subserie; número de subserie

Notas

Número normalizado

- no caso de *materiais gráficos non publicados*, indicaranse os seguintes elementos:

Título propiamente dito [Designación xeral da clase de documento] = Título paralelo : subtítulo e/ou información complementaria sobre o título / primeira mención de responsabilidade ; outras mencións de responsabilidade. – Data de execución

Descrición física (excluída a indicación de material anexo)

Notas

---

Exemplos:

Isorna, Fausto C.

31 edición Romería Vikinga Catoira [Material gráfico] : agosto, domingo 4, Concello de Catoira, festa de interese turístico e nacional / deseño gráfico, Fausto C. Isorna. -- [Catoira : Concello de Catoira, 1991] ([Santiago de Compostela] : Velograf)

1 lám. (cartel) : il. col. ; 103 x 40 cm

D.L. C 796-1991

1. Catoira-Festas. 2. Festas. 3. Carteis-Pontevedra (Provincia)-S. XX. I. Catoira.

Concello. II. Imprenta Velograf

394.26(460.115 Catoira)(084.5)

O Clube da Esquina

Xoaquín Lorenzo Fernández [Material gráfico] : Letras Galegas 2004 / Aira Iniciativas Culturais ; textos, Alfonso Vázquez-Monxardín, Marcos Valcárcel ; deseño, O Clube da Esquina. -- [Santiago de Compostela] : Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004]

12 lám. (cartel) : il. col. ; 111 x 70 cm

Contiene: 1. A memoria das cousas / foto, Fernando del Río -- 2. Os días das Letras / debuxos, David Pintor "Pinto" -- 3. Unha vida en datas -- 4. Da nenez ao contacto coa Xeración Nós -- 5. O tempo do Seminario de Estudos Galegos -- 6. O traballo posible daquela-- -- 7. Estudos sobre arqueoloxía e historia -- 8. Os seus estudos sobre a cultura material --9. O estudo da lingua e da literatura popular -- 10. A ilusión dos novos tempos -- 11. Don Xoaquín e os museos -- 12. A memoria dos amigos

D.L. C 631-2004 (lám. 1). - ISBN 84-688-6011-5

1. Lorenzo Fernández, Xoaquín. 2. Día das Letras Galegas. 3. Carteis-Galicia-S. XXI. I.

Lorenzo Fernández, Xoaquín. II. Vázquez-Monxardín Fernández, Alfonso. III.

Valcárcel, Marcos. IV. Aira Iniciativas Culturais. IV. Galicia. Dirección Xeral de Política Lingüística

929 Lorenzo Fernández, Xoaquín (084.5)

394.46:821.134.4(084.5)

Idea Agencia de Publicidad

Feira do Libro [Material gráfico] / Idea ; [organiza], Federación de Libreiros de Galicia. -- [Santiago de Compostela] : Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2002]

9 lám. (cartel) : il. col. ; 63 x 43 cm

Carteis da campaña celebrada nas cidades de A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Betanzos, Lugo, Foz, Pontevedra, Vigo e Cangas

D.L. C 912-2002

1. Libros-Comercio-Galicia-Exposicións. 2. Ferias e exposicións. 3. Carteis-Galicia-S. XXI. I. Federación de Libreiros de Galicia. II. Galicia. Dirección Xeral de Promoción Cultural

655.4(460.11)(064.3)(084.5)

## **CAMPOS MARC**

### **Cabeceira (LDR)**

A cabeceira é o primeiro campo dun rexistro bibliográfico. Este campo non ten indicadores nin códigos de subcampo xa que os elementos de datos defínense pola súa posición.

Ten unha lonxitude de 24 posicións. Son posicións codificadas que describen o tipo de rexistro que estamos catalogando. Moitas das posicións xenéraas o sistema, polo que unicamente se reflicten aquelas nas que temos que cubrir o código a empregar.

[Os códigos alfabéticos introdúcense con minúsculas]

#### **05→Estado do rexistro**

- a** Completado a partir de un nivel de codificación inferior
- c** Corrixido ou revisado
- d** Suprimido
- n** Novo
- p** Aumentado o nivel de codificación utilizado antes da publicación (CIP o NSPD)

O habitual e normal é que se trate dun rexistro novo, polo tanto “**n**”.

#### **06→Tipo de rexistro**

- k** Material gráfico non proxectable

Este código indica que o contido do rexistro é un material gráfico en dúas dimensións non proxectable así como a súa reprodución. Será o código a utilizar nos carteis.

#### **07→Nivel bibliográfico**

- m** Monografía

Este código indica un documento editado nunha soa parte ou nun número finito de partes separadas. Sería o código a utilizar para un único cartel ou para un grupo de carteis editados conxuntamente como colección.

#### **08→Tipo de control**

- #** Non especifica tipo

#### **17→Nivel de codificación**

Utilizaremos unicamente os seguintes:

- #** Nivel completo. Material examinado
- 1** Nivel completo. Material non examinado (só para as reconversións)

#### **18→Forma de catalogación descritiva**

- # Non é ISBD
- a AACR 2
- b RC (Regras de catalogación)
- i ISBD (Innopac)
- u descoñecido

#### 19→Código de rexistro relacionado

# Non se necesita rexistro relacionado

**r** Necesítase un rexistro relacionado (utilízase este código cando polo menos un campo de asento relacionado -campos 76X-78X- non contén a información básica de identificación, non hai ningunha nota de relación complexa que contiña información básica de identificación do asento relacionado e se necesita unha nota).

No caso dos carteis consignaremos sempre o código #, aínda que o habitual é que este código sexa xerado automaticamente polo sistema.



## ❑ CAMPOS DE CONTROL

### **001 Número de control (NR)**

Número de control que identifica o rexistro e que identifica a entidade que o crea. **No noso caso sempre irá o código da biblioteca en maiúsculas** (Innopac).

### **007 Campo fixo de descrición física (R)**

Este campo non ten indicadores nin códigos de subcampo xa que os elementos de datos se definen pola súa posición segundo as clases de material.

#### **00→Clase de material**

Código alfabético dunha soa letra, que nos carteis sempre será

**k** Material gráfico non proxectable

xa que o cartel inclúese dentro dos materiais gráficos non proxectables. Este material defínese como unha representación pictórica bidimensional, con frecuencia opaca (estampa, fotografía, debuxo) ou transparente que non está pensado para ser proxectado (negativo fotográfico). Esta posición non pode incluír un carácter de recheo.

Cando a posición 00 contén un código **k**, as demais posicións conteñen información especial codificada acerca das características físicas do material gráfico non proxectable.

#### **01→Designación específica do material**

Código alfabético dunha soa letra que describe a clase especial de material (normalmente a clase de obxecto físico) á que pertence un documento. Cando non se utiliza esta posición inclúese un carácter de recheo. Nos carteis utilizaremos unicamente o seguinte código:

**f** Reprodución fotomecánica – indica que o documento é unha imaxe producida pola copia doutra imaxe, que foi transferida mediante un proceso fotográfico a unha superficie de impresión. Inclúense aquí reproducións artísticas, postais, **carteis** e imaxes de estudio.

#### **02→Non definida**

#### **03→Cor**

Código alfabético dunha soa letra

**a** Monocromo – indica que a imaxe está nunha soa cor e que esa cor non é o negro

**b** Branco e negro

**c** Polícromo – indica que a imaxe está en máis dunha cor

**h** Coloreado á man – utilízase moi poucas veces cos materiais visuais comerciais

**m** Mixto – indica que a obra ou colección é unha combinación de imaxes monocromas, en branco e negro, polícromas, coloreadas á man e/ou doutro tipo. Unha carpeta con carteis de diferente tipo, por exemplo

**u** Descoñecido

**z** Outros - Outros tipos non contemplados

O habitual nos carteis son os tres primeiros códigos.

#### **04→Material do soporte primario**

Código alfabético dunha soa letra que indica o soporte ou base na que se imprime ou realiza unha imaxe. No caso dos carteis, poderíamos utilizar os seguintes códigos:

**a** Gravado sobre seda

**b** Cartolina – indica que o material é cartolina, cartón fino e flexible empregado polos artistas e pintores

**c** Cartolina/cartón para ilustrar

**g** Textil – utilízase para tódolos tecidos, ben sexan fibras naturais ou sintéticas, excepto o lenzo, que ten un código específico “**a**” Gravado sobre seda

**m** Mixta – utilízase cando o soporte primario varía nos diferentes documentos dunha colección

**o** Papel – utilízase para calquera tipo de papel de celulosa

**q** Cartón duro

**u** Descoñecido

**z** Outro

As posibilidades de soporte son múltiples, pero o cartel, aínda que pode ser impreso ou estampado sobre tea, cartón, etc., realízase normalmente sobre papel, polo que o habitual é que o código a aplicar nesta posición sexa “**o**”.

#### **05→Material do soporte secundario**

Aínda que o normal é que o cartel careza de soporte secundario, código #, poden aparecer carteis montados sobre diferentes tipos de materiais. Contémpanse os seguintes códigos:

**#** Carece de soporte secundario

**a** Lenzo

**b** Cartolina

**c** Cartolina/cartón para ilustrar

**d** Vidro

**e** Sintético

**f** Pel

**g** Têxtil

**h** Metal

**m** Colección mixta

**o** Papel

**p** Xeso

**q** Cartón duro  
**r** Porcelana  
**s** Pedra  
**t** Madeira  
**u** Descoñecido  
**z** Outro

## **008 Campo de información de lonxitude fixa (NR)**

Este campo non ten indicadores nin códigos de subcampos xa que os elementos de datos defínense pola súa posición. Contén 40 posicións que proporcionan información codificada sobre o rexistro considerado na súa totalidade e, tamén, sobre algúns aspectos especiais do documento que estamos a catalogar. Estes datos son especialmente importantes para o tratamento e recuperación da información, polo tanto, **é importante a súa correcta codificación**. Ademáis, dos erros neste campo derívanse posteriores problemas de tratamento dos rexistros.

Os elementos de información teñen unha posición definida por tipo de material. As posicións 00-17 e 35-39 son comúns para tódolos tipos de materiais, as posicións 18-34 defínense especialmente para materiais visuais (MV) entre os que se atopan os materiais gráficos non proxectables, debendo levar na Cabeceira/06 (Tipo de rexistro) o código **k**

### **Posición 00-05→Data de entrada no ficheiro**

Contén a data de entrada do rexistro na base de datos. É xerada polo sistema.

### **06→Tipo de data**

Código alfabético dunha soa letra que sinala o tipo de data da publicación. A información deste código complétase coa dos subcampos Primeira data (07-10) e Segunda data (11-14), e ten que cadrar coa data de publicación que se dá no campo 260.

Empregaremos os códigos seguintes:

#### **m** Datas múltiples

Este código emprégase en coleccións de carteis con datas de publicación diferentes, algo non habitual.

Escribimos en Primeira Data a máis antiga, e en Segunda Data a máis recente, á marxe da unidade física á que corresponda. Se a obra non rematou de publicarse, a Segunda Data contén 9999. Exemplos:

| <u>Área de publicación</u> | <u>Código 008</u> | <u>1ª Data</u> | <u>2ª Data</u> |
|----------------------------|-------------------|----------------|----------------|
| ,\$c1990-1995              | m                 | 1990           | 1995           |
| ,\$c1990-                  | m                 | 1990           | 9999           |

Cando ámbalas dúas datas dunha publicación en varias unidades físicas pertencen a un único ano, empregaremos o código **s**

#### **n** Data descoñecida

Cando non podemos saber nin deducir a data de publicación de ningún xeito. Sempre temos que consignar unha data, aínda que sexa aproximada (ver código q). Polo tanto este código **non pode empregarse**.

#### **q** Data dubidosa ou incompleta

Este código emprégase cando non hai data de publicación, pero polas características da obra pódese deducir que se publicou nun período preciso. Este período

exprésase rexistrando na Primeira Data a probable máis remota, e, na Segunda Data, a probable máis próxima. Exemplos:

| <u>Área de publicación</u>                  | <u>Código 008</u> | <u>1ª Data</u> | <u>2ª Data</u> |
|---|-------------------|----------------|----------------|
| ,\$c[196-?] (década dos 60)                 | q                 | 1960           | 1969           |
| ,\$c[16--?] (século 17)                     | q                 | 1600           | 1700           |
| ,\$c[19--?] (século 20, catalogado en 1996) | q                 | 1900           | 1996           |

**r** Data de reimpresión/reedición e do orixinal

Este código emprégase cando a obra é unha reedición, facsímile ou calquera outra clase de reprodución.

Se a edición **orixinal e a reedición teñen data única**, rexístrase en Primeira Data (posicións 008/7-10) a do documento que temos na man, e, en Segunda Data (posicións 008/11-14) a do orixinal

| <u>Edición orixinal</u> | <u>Reedición</u> | <u>Código 008</u> | <u>1ª Data</u> | <u>2ª Data</u> |
|-------------------------|------------------|-------------------|----------------|----------------|
| 1913                    | 1966             | r                 | 1966           | 1913           |

Se a edición **orixinal tiña data múltiple**, facemos constar en 2ª Data a máis antiga:

| <u>Edición orixinal</u> | <u>Reedición</u> | <u>Código 008</u> | <u>1ª Data</u> | <u>2ª Data</u> |
|-------------------------|------------------|-------------------|----------------|----------------|
| 1913-1925               | 1966             | r                 | 1966           | 1913           |

Se a edición **orixinal e máis a reedición teñen data múltiple**, rexístrase na Primeira Data a máis recente da reedición, e, en Segunda Data, a máis antiga da edición orixinal:

| <u>Edición orixinal</u> | <u>Reedición</u> | <u>Código 008</u> | <u>1ª Data</u> | <u>2ª Data</u> |
|-------------------------|------------------|-------------------|----------------|----------------|
| 1913-1925               | 1966-1969        | r                 | 1969           | 1913           |

**s** Data única coñecida/probable

É o caso máis frecuente para a data de publicación. Utilízase cando a data é **certa**, sen ter en conta onde aparece (pé de imprenta, depósito legal ou copyright) **ou probable**, é dicir, cando podemos escribir os catro díxitos, aínda que sexa entre corchetes e con interrogantes (data tomada do contido do propio documento ou de fontes externas).

Cando empregamos o código **s** escribimos a data de publicación en Primeira Data (Posición 07-10) e deixamos en branco Segunda Data. Exemplos:

| <u>Área de publicación</u> | <u>Código 008</u> | <u>1ª Data</u> | <u>2ª Data</u> |
|----------------------------|-------------------|----------------|----------------|
| ,\$c 1968                  | s                 | 1968           | brancos        |
| ,\$c [1968?]               | s                 | 1968           | brancos        |
| ,\$c D.L. 1968             | s                 | 1968           | brancos        |
| ,\$c imp. 1968             | s                 | 1968           | brancos        |
| ,\$c 1698 [i.e. 1968]      | s                 | 1968           | brancos        |

**07-10→Primeira data/data de comezo da publicación**

Esta posición contén unha data especificada a partir do código 008/06 (Tipo de data) – (Ver os exemplos da posición 06-Tipo de data. )

Caracteres admitidos: 4 díxitos (por ex. 1963); cando se descoñece parte da data, os díxitos que non se coñecen represéntanse co carácter “u” (por ex. “19??” consignaríase como 19uu); se a data se descoñece de todo, deducirase o milenio (por ex. 1uuu); para coleccións editadas en varios anos, consígnase a data de inicio da mesma. Non se deben utilizar caracteres de recheo, sempre se deben ocupar os catro díxitos desta posición.

### **11-14→Segunda data/data final da publicación**

Esta posición contén unha data especificada a partir do código 008/06 (Tipo de data) – (Ver os exemplos da posición 06-Tipo de data.)

Nesta posición codifícase a segunda data asociada á publicación e a data final dunha colección. Cando un documento publicado ó longo dos anos aínda non está completo, a data represéntase por 9999. Se a data é única (código “s”) esta posición cóbrese con brancos.

### **15-17→Lugar de publicación, produción ou execución**

Nesta posición un código alfabético de 3 caracteres (*Norma UNE-EN ISO 3166-1: 1988 Códigos para la representación de los nombres de los países y sus subdivisiones. Parte 1, Códigos de los países*) sinala o país de publicación do documento. A elección do código está en relación coa información do campo 260:

- Se o lugar de publicación é dubidoso (corchetes + interrogante), daremos así mesmo o código do país do primeiro lugar rexistrado deste xeito.

Exemplo:

**008/15-17**    **esp**  
260    ##\$a[Madrid?]

- Se damos varios lugares de publicación, algo non habitual no cartel, rexistraremos o código do país do primeiro lugar rexistrado.

Exemplo:

**008/15-17**    **fra**  
260    ##\$aParís ; \$aMadrid

### **18-21→Non definidas**

#### **22→Nivel de destinatario**

Código alfabético dunha soa letra que indica o nivel intelectual do destinatario ó que vai dirixido o documento. Empregaremos unicamente o código:

**#**    Descoñecido ou non especificado

#### **23-27→Non definidas**

#### **28→Publicación oficial**

Código alfabético dunha soa letra que indica se o documento foi publicado ou producido por unha entidade oficial. A entidade debe aparecer como editora, etc. na área de publicación ou distribución (260) ou ter participado na publicación do cartel (isto dedúcese xeralmente cando a entidade é responsable do contido da obra). Utilizaremos unicamente os seguintes códigos:

- # Non é publicación oficial
- o Publicación oficial-nivel sen determinar

### 29→Forma da publicación

Código alfabético dunha soa letra que especifica a forma do documento. Os códigos contemplados non son aplicables ós carteis, polo tanto utilizaremos sempre o código:

- # Ningún dos seguintes

### 30-32→Non definidas

### 33→Tipo de material visual

Código alfabético dunha soa letra que indica o tipo de material visual que se describe. Utilizaremos sempre o código:

- k Material gráfico

### 34→Técnica

Código alfabético dunha soa letra que indica a técnica empregada para crear movemento nas películas cinematográficas e nas videograbacións. Isto non é aplicable ós carteis, polo tanto utilizaremos sempre o código:

- n Non aplicable

### 35-37→Lingua

Nesta posición un código alfabético de 3 caracteres (*Norma ISO 639-2 Code list for the representation of names of languages*) sinala a lingua do texto do documento. Nos materiais gráficos orixinais ou históricos, a lingua do contido é a que se asocia co material, por ex. títulos ou calqueira outro texto asociado co documento ou a colección, que é parte da fonte principal de información (V. Fontes de información)

A elección do código baséase na lingua predominante.

- Cando só se asocia unha lingua ó documento, ponse o código desa lingua.

Exemplo: **008/35-37 glg**  
245 00 \$a II Encontro de Mulleres Galegas \$h [Material gráfico]

- Cando se asocian varias linguas ó documento, ponse o código da lingua predominante no 008, e os códigos das demais linguas, incluíndo o da lingua predominante, rexístranse no campo 041 (Código de lingua), consignándose en primeiro lugar o código que figura no 008 e a continuación os restantes en orde alfabético. Eliximos a lingua predominante segundo os seguintes criterios:

- 1º. A lingua predominante nos textos do cartel.
- 2º. A lingua do título propio.

Exemplo: **008/35-37 spa**  
041 0# \$a spaglg

245 00\$a II Encontro de Mulleres Galegas\$h [Material gráfico]\$b = II Encuentro de Mujeres Gallegas

*O resto dos textos (mencións de responsabilidade, mencións de publicación, lemas, publicidade, etc.) aparecen unicamente en español, polo tanto esta é a lingua predominante.*

Exemplo: **008/35-37 por**

041 0# \$a porglg

245 10 \$a Maletas viageiras \$h[Material gráfico]\$b : cultura sem fronteiras = Maletas viaxeiras : cultura sen fronteiras\$cXan López Domínguez.

*Tódolos textos do cartel aparecen nos dous idiomas e ca mesma importancia. A lingua predominante é a do título propio, o portugués*

- Se hai máis de 6 linguas codifícanse co código mul. Por motivos prácticos, codifícanse no 008 o código do título e no 041 o código de título da lingua consignada no 008 seguido do código mul.

Exemplo: 008/35-37 glg

**041 1#**\$aglgmul [Os textos aparecen en máis de 6 linguas e o título está en galego]

### **39→Fonte de catalogación**

Código dunha soa letra que indica a fonte da catalogación orixinal do rexistro. Utilizaremos o código d:

**d** Outras fontes



## ❑ CAMPOS DE DATOS VARIABLES

### 01X-09X Números e códigos - Información xeral

|     |   |
|-----|---|
| 019 | Número de Depósito Legal                                  |
| 020 | Número Internacional Normalizado para Libros (ISBN)       |
| 026 | Número de identificación das publicacións oficiais (NIPO) |
| 040 | Centro catalogador  |
| 041 | Código de lingua  |
| 080 | Número da Clasificación Decimal Universal                 |

### 019 Número de depósito legal (R)

Este campo contén o número de depósito legal que asignan as distintas oficinas de Depósito Legal en España, xa sexa o número válido, erróneos, cancelados ou non válidos.

Consignaremos o número de Depósito Legal dun documento sempre que sexa coñecido.

- Se está **incompleto** ou parece **erróneo** transcribirémolo tal e como veña no documento seguido de “(erróneo)”.
- Se temos que transcribir **varios números de D.L.**, repetiremos o campo.
- Se aparecen dous números de D.L., un correcto e outro incorrecto, consignaremos os dous co seu dólár correspondente (ver información de subcampos)

#### Obras en varias unidades físicas

- Cando cataloguemos unha colección de carteis e fagamos o rexistro da obra completa, consignaremos só o da primeira unidade da colección ou o da primeira unidade da que dispoñamos. A indicación de unidade, que denominamos lámina, farémola entre paréntese, despois dun espazo e en minúscula (sen espazo entre a unidade e o número). Se a obra non supera as 3 unidades consignarémolas todas.
- Se facemos un rexistro independente para cada unidade consignaremos o D.L. da obra individual.

#### Indicadores:

|                 |   |              |
|-----------------|---|--------------|
| <i>Primeiro</i> | # | Non definido |
| <i>Segundo</i>  | # | Non definido |

#### Subcampos:

##### \$a Número de Depósito Legal (R)

Neste subcampo consignaremos o D.L. que apareza no documento. Se é incorrecto, pero só nos aparece ese, consignarémolo tamén aquí seguido da palabra erróneo entre paréntese “(erróneo)”.

Escribiremos o número de D.L., correcto ou erróneo se é o caso, seguindo as seguintes regras de puntuación:

- A abreviatura D.L. que precede ó número é xerada polo sistema.
- A abreviatura da provincia vai sen punto.
- Entre a abreviatura da provincia e o número de D.L. só hai un espazo, sen ningunha puntuación intermedia.
- Escribiremos sempre sen punto o número de D.L.
- Escribiremos sempre enteira a data do D.L., aínda que no documento aparezan só os dous últimos díxitos.
- O número de D.L. e a data irán sempre xuntos por un trazo curto sen espazos.

Exemplos:

|     |                         |
|-----|-------------------------|
| 019 | ##\$aC 1354 (erróneo)   |
| 019 | ##\$aM 16980-1985       |
| 019 | ##\$aC 631-2004 (lám.1) |

### **\$y Número de Depósito Legal erróneo (R)**

Utilizaremos este subcampo cando teñamos para un mesmo documento dous números de D.L.: un correcto (que consignaremos nun campo 019 \$a) e outro incorrecto, que consignaremos **repetindo** o campo 019 pero utilizando o \$y, seguido da palabra erróneo entre paréntese. (seguindo o MP realizado pola RBG)

Exemplo:

|     |                        |
|-----|------------------------|
| 019 | ##\$aC 12487-1990      |
| 019 | ##\$yC 12487 (erróneo) |

## **020 Número Internacional Normalizado para Libros (ISBN) (R)**

Este campo contén o Número Internacional Normalizado para Libros (ISBN), as condicións de adquisición (que non empregaremos) e os números ISBN cancelados ou non válidos.

A asignación do ISBN a materiais gráficos non é habitual pero pode aparecer excepcionalmente asignado a este tipo de materiais.

Exemplo:

Xoaquín Lorenzo Fernández [Material gráfico] : Letras Galegas 2004 / Aira Iniciativas Culturais ; textos, Alfonso Vázquez-Monxardín, Marcos Valcárcel ; deseño, O Clube da Esquina. -- [Santiago de Compostela] : Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004]  
12 lám. (cartel) : il. col. ; 111 x 70 cm  
Contén: 1. A memoria das cousas / foto, Fernando del Río -- 2. Os días das Letras / debuxos, David Pintor "Pinto" -- 3. Unha vida en datas -- 4. Da nenez ao contacto coa Xeración Nós -- 5. O tempo do Seminario de Estudos Galegos -- 6. O traballo posible daquela-- -- 7. Estudos sobre arqueoloxía e historia -- 8. Os seus estudos sobre a cultura material --9. O estudo da lingua e da literatura popular -- 10. A ilusión dos novos tempos -- 11. Don Xoaquín e os museos -- 12. A memoria dos amigos  
D.L. C 631-2004 (lám. 1). - ISBN 84-688-6011-5

No caso de que o ISBN figure no cartel, consignarémolo sempre.

Se está **incompleto** ou parece **erróneo**, transcribirémolo de acordo coas indicacións de RCE 1.8.3 B: primeiro damos a forma correcta e a continuación, facendo unha repetición de campo e precedido de \$z, o número incorrecto, seguido da palabra *erróneo* entre paréntese.

#### **Obras en varias unidades físicas:**

- Cando cataloguemos unha colección e fagamos o rexistro da obra completa, consignaremos só o ISBN correspondente á obra completa. Se a obra non supera as 3 unidades consignarémolos todos, incluído a da obra completa. En caso contrario, consignaremos só a da obra completa.
- Se facemos un rexistro independente para cada unidade consignaremos o ISBN da mesma. Se o documento posúe dous ISBN, un do documento e outro correspondente ó grupo ou conxunto do que forma parte, especificaremos primeiro o ISBN do documento e, a continuación, irá o do grupo ou conxunto seguido das aclaracións de identificación necesarias.

Exemplo:

020 ## \$a 84-54356-56-9 (lám.4)

020 ## \$a 84-54356-50-8 (O.C.)

#### **Indicadores:**

*Primeiro* # Non definido  
*Segundo* # Non definido

#### **Subcampos:**

##### **\$a Número Internacional Normalizado para Libros (NR)**

Este subcampo contén un número de ISBN correcto para o documento. Consignaremos o ISBN cos guións sen espazo separando os grupos numéricos.

O literal ISBN é xerado polo sistema.

A indicación de unidade farémola entre paréntese, despois dun espazo e en minúscula (sen espazo entre lám. e o número).

A indicación de Obra completa faise tamén entre paréntese, despois dun espazo e en maiúsculas.

##### **\$z ISBN cancelado ou non válido**

Cando o ISBN que figura no documento é incorrecto, codificarémolo neste subcampo. Se non hai ningún ISBN válido só utilizaremos este subcampo. Se temos un correcto e outro incorrecto, codificaremos o primeiro no \$a e o incorrecto neste \$z seguido de “erróneo” entre paréntese.

Exemplos:

020 ##84-7722-649-0

020 ##\$a0-8193-0503-0 (lám.1)

020 ##\$a0-8193-0504-2 (lám.2)

020 ##\$a0-8193-0506-1 (O.C.)

020 ##\$z84-845-623-4 (erróneo)

*Única mención de ISBN que aparece no documento*

020    ##\$a84-8151-856-5  
020    ##\$z84-8151-855-5 (erróneo)  
*Dous ISBN asociados c un rexistro, un dos cales non é válido*

|  |
|--|
| <b>026    Número de Identificación de Publicacións Oficiais (NIPO) (R)</b> |
|--|

Este campo contén o Número de identificación das Publicacións Oficiais (NIPO), número que identifica ás publicacións editadas ou patrocinadas por unha entidade oficial e que asina a Junta de Coordinación de Publicacións Oficiais del Ministerio de Presidencia. É obrigatorio consignalo sempre que apareza no documento.

A asignación do NIPO ós materiais gráficos non é habitual pero pode aparecer excepcionalmente asignado neste tipo de materiais. No **Real Decreto 118/2001, de 9 de febrero, de ordenación de publicacións oficiais**, art. 2, Programa editorial, apartado 1, dise: *“El programa editorial anual que cada Ministerio elabore para la difusión de su actividad y cumplimiento de los objetivos derivados del ejercicio de sus competencias ...l, contendrá ... la siguiente información: Las publicaciones unitarias, periódicas, audiovisuales, cartográficas y electrónicas, así como otros tipos de publicaciones (folletos, **carteles**, etc.), clasificados de acuerdo con su finalidad y los criterios determinados por el Ministerio editor...”*. E no art. 8, Número de identificación de publicacións oficiais, dise: *“Todas las publicaciones oficiales tendrán un número de identificación, que será asignado por la Secretaría de la Junta de Coordinación de Publicaciones Oficiales, en la forma que se determine por Orden del Ministro de la Presidencia.”*

No fondo de carteis descrito ata o momento, non atopamos ningún NIPO asignado.

**Indicadores:**

*Primeiro* #    Non definido  
*Segundo* #    Non definido

**Subcampos:**

**\$a**    NIPO (NR)  
Consignaremos o NIPO con guións sen espazo, separando os grupos numéricos.  
O literal NIPO é xerado polo sistema.

**Exemplos:**

##\$a306-93-002-7

|                                       |
|---------------------------------------|
| <b>040    Centro catalogador (NR)</b> |
|---------------------------------------|

Este campo identifica o centro responsable da catalogación orixinal, a lingua da catalogación e os centro transcritores ou modificadores do rexistro

Este campo contén a sigla e o nome do centro que creou o rexistro orixinal, asignou os campos do formato IBERMARC e transcribiu o rexistro en forma lexible por ordenador, ou modificou un rexistro lexible por ordenador xa existente.

Ver, ademáis, anexo *Especificacións na copia e captura de rexistros*, do Manual de procedemento de monografías da RBG

**Indicadores:**

*Primeiro#*      Non definido  
*Segundo #*      Non definido

**Subcampos:**

**\$a Centro catalogador de orixe (NR)**

Este subcampo contén o código da biblioteca que fixo o rexistro orixinal. No caso de reconversión ou de captura de rexistros doutra base de datos a través do Z39-50 poremos o nome da empresa que realiza a reconversión ou deixaremos o da biblioteca da que se captura o rexistro. Conservaremos, polo tanto, a procedencia do rexistro orixinal.

**\$b Lingua da catalogación (NR)**

Este subcampo indica o código da lingua empregada na catalogación do rexistro. Nós codificaremos sempre “**glg**”(galego). A fonte do código é a *norma ISO 639-2-Codes for the representation of names of languages*

**\$c Centro transcriptor (NR)**

Este subcampo contén o código da institución que transcribiu o rexistro en formato lexible por ordenador.

**\$d Centro modificador (R)**

Este subcampo contén o código da biblioteca que modifica o rexistro. Enténdese por modificación calquera corrección que se fai no rexistro, incluíndo cambios na catalogación, nos identificadores de contido ou na transcripción, pero non a inclusión de información sobre localizacións de exemplares.

No caso de reconversión ou de captura de rexistros doutra base de datos, poñeremos no \$a o nome da empresa que realiza a reconversión ou o da biblioteca da que se captura o rexistro, e no \$d as siglas da biblioteca que modifica o rexistro.

|                                       |
|---------------------------------------|
| <b>041      Código de lingua (NR)</b> |
|---------------------------------------|

Este campo contén códigos alfabéticos de tres letras para as linguas relacionadas cun documento cando o campo 008/35-37 (código de lingua) non abonda para dar unha información completa no caso de documento multilingüe ou no caso dunha tradución. A fonte dos códigos é a *Norma ISO 639-2 Code list for the representation of names of languages*.

No caso do material gráfico non proxectable, orixinal ou histórico, este campo utilízase cando a lingua asociada co material, isto é, títulos ou calquera outro texto asociado co documento ou a colección que forma parte da fonte principal de información, é multilingüe. (Véxase 008/35-37)

**Indicadores:**

|                 |          |  |
|-----------------|----------|--|
| <i>Primeiro</i> | <b>0</b> | O documento nin é nin inclúe tradución |
|                 | <b>1</b> | O documento é ou inclúe tradución      |
| <i>Segundo</i>  | <b>#</b> | Non definido                           |

**Subcampos:**

**\$a Código de lingua do texto (NR)**

Este subcampo contén os códigos das linguas asociadas ó documento. O primeiro código de lingua deste subcampo codifícase tamén na posición 008/35-37 (código de lingua).

*Véxanse exemplos do 008/35-37*

|  |
|--|
| <b>080 Número da Clasificación Decimal (R)</b> |
|--|

Este campo contén unha notación da Clasificación Decimal Universal (CDU). É un campo repetible para asignar varias notacións a un documento.

Usaremos as notacións completas (número principal e auxiliares) de: CDU: Clasificación Decimal Universal. AENOR, 2000

**Indicadores:**

|                 |          |              |
|-----------------|----------|--------------|
| <i>Primeiro</i> | <b>#</b> | Non definido |
| <i>Segundo</i>  | <b>#</b> | Non definido |

**Subcampos:**

**\$a Notación da CDU (NR)**

Este subcampo contén a notación completa.

Considerando o carácter enciclopédico e xeral das coleccións das bibliotecas públicas **é recomendable non formar notacións moi extensas**, máis propias de bibliotecas especializadas.

**Pautas para a utilización dos auxiliares:**

1. **Auxiliares comúns de lingua** : Non os utilizaremos.
2. **Auxiliares comúns de forma**: Úsanse conforme á taboa Id da CDU e deben ter o seu equivalente no encabezamento de materia correspondente. No caso dos carteis utilizaremos o auxiliar de forma (084.5)

Exemplo: 650 04 \$a Pacifismo  
**080 ## \$a172.4(084.5)**

**3. Auxiliares comúns de lugar**

Úsanse conforme ás tablas da CDU, cos seguintes niveis de especificidade:

-Obras de Depósito Legal galego usaremos:

Provincia + extensión alfabética de cidade : (460.111 Noia).

A extensión alfabética irá separada por un espazo da notación numérica, e levará o topónimo en galego

-Obras publicadas en España : Descenderase ata a provincia.

Ex.:Unha obra sobre os museos de Madrid : 069(460.27)

- Resto do mundo : Soamente o país

Ex.: Arte en París : 7(44)

**4.Auxiliares comúns de razas e pobos** : Non se utilizan

**5.Auxiliares comúns de tempo**: Empregaremos:

-Séculos, para épocas históricas ou cando a obra abarca máis dun século

-Anos, para os feitos máis concretos

**6.Auxiliares comúns de punto de vista**: Non se utilizan

***Normas de transcripción:***

-Non deixar espazos entre os números e os auxiliares.

-Cando a notación incorpora termos alfabéticos, deben separarse cun espazo en branco dos numéricos.

-Cando unha notación é dobre, relacionada por dous puntos (:), debe desenvolverse unha segunda entrada invertindo a orde dos números principais.

## **1XX Encabezamentos principais - Información xeral**

**100 Encabezamento principal - Nome de autor persoal**

**110 Encabezamento principal - Nome de entidade**

\*É importante que antes de crear un encabezamento de autor novo, se comprobe a súa existencia no índice de autor da base de datos

\*Así mesmo é importante que antes de gravar os rexistros se **verifiquen os encabezamentos** (Innopac)

## **ELECCIÓN DE PUNTOS DE ACCESO PARA CARTEIS (Cap. 14 RC)**

### **Regra xeral**

- *As RC establecen para os materiais gráficos unicamente o seguinte:*

“A efectos de elección de puntos de acceso será aplicable ó responsable de calquera das formas de material gráfico (grabador, pintor, debuxante, fotógrafo, etc.) o que para o **autor persoal** establecen as regras 14.2.1/14.2.2 A b) y 14.2.2 D.

Haberá que ter en conta que, no caso de obras debidas á colaboración entre máis de 3 autores que carezan de título, o punto de acceso para o asento principal será necesariamente un título facticio” (RC 14.6.3 A)

- *Neste manual de procedemento para carteis determinouse ademais:*

a) considerar como posible punto de acceso principal non só a un **autor persoal** (artista plástico, ilustrador, deseñador, fotógrafo) senón tamén a unha **entidade** cando esta figura como responsable colectivo na realización dun cartel (axencias de publicidade, empresas de deseño gráfico, estudos fotográficos, etc.)

Exemplos:

100 10 \$a Abelenda, Alfonso \$d (1931-)

100 10 \$a Marín, Xaquín \$d (1943-)

110 20 \$a Imago Mundi

110 20 \$a Galicia Comunicación



Non consideraremos a unha entidade como punto de acceso principal cando a súa participación se limite unicamente á de empresa ou entidade pública responsable do acontecemento anunciado ; e iso, aínda cando non teñamos no documento outro responsable principal.

Exemplos:

245 00 \$a Carnaval 89 \$h [Material gráfico] \$c / organiza, Ayuntamiento de La Coruña  
260 ## \$a [A Coruña \$b : Concello de A Coruña \$c, 1989] \$e ([A Coruña] \$f : Clave)  
710 14 \$a A Coruña \$b Concello

*O encabezamento principal será entón polo título*

245 00 \$a Sociedad Filarmónica, La Coruña \$h [Material gráfico] \$b : concierto...  
por el joven pianista ruso Igor Kamenz... : Teatro Colón..  
260 ## \$a [A Coruña \$b : Sociedad Filarmónica \$c, 1989] \$e ([A Coruña] \$f : Gráficas  
Stylo)

710 24 \$a Sociedad Filarmónica de La Coruña  
710 24 \$a Teatro Colón

*O encabezamento principal será entón polo título*

245 00 \$a Galicia S.L. \$h [Material gráfico] \$b : unha produción de Teatro do  
Malbarate e Producións do Noroeste, S.A. \$c / propaganda subvencionada por  
[la] Diputación de La Coruña ; espectáculo subvencionado por [la] Xunta de Galicia,  
Consellería de Cultura e Deportes, Dirección Xeral de Cultura  
260 ## \$a [Santiago de Compostela] \$b : Teatro do Malbarate \$c, [1988]

710 24 \$a Teatro Malbarate

*O encabezamento principal será entón polo título*

b) no caso de concurrir varias mencións de responsabilidade (artista plástico, deseñador, ilustrador ou debuxante, fotógrafo, etc.), seguiremos en xeral o criterio de que o punto de acceso principal corresponderá a aquela mención que consideremos con maior peso na realización do cartel:

*Normalmente:*

- preferirase o deseñador/s fronte a calquera outra responsabilidade que apareza no cartel (fotógrafo/s, ilustrador/s, etc.).

Exemplos:

100 10 \$a Permuy Martínez, Alberte \$d (1955-)  
245 12 \$a A noite vai coma un río, de Alvaro Cunqueiro ... \$h [Material gráfico] \$b : Centro  
Dramático Galego«c» / diseño gráfico, Permuy ; fotografía, Tino Viz  
700 1# \$a Viz, Tino \$d (1960-)

100 10 \$a Fraga, Xesús \$d (1964-)  
245 10 \$a Compoptela \$h [Material gráfico] \$c / ilustración, A. V. Ferreiro ;

deseño, Xesús Fraga, Alberto Varela  
700 1# \$a Varela Ferreiro, Alberto \$d (1963-)

Ás veces, a mención de deseño aparece con outras denominacións: “realiza”, “idea”

Exemplo:

110 2# \$a Galicia Comunicación  
245 00 \$a Regata Cutty Sark \$h [Material gráfico] \$b : del 27 al 31 de julio,  
La Coruña 1994 \$c / foto, Xurxo Lobato ; realiza, G & C Comunicación  
700 1# \$a Lobato, Xurxo \$d (1956-)

- preferirase o artista/s plástico/s, cando a súa responsabilidade no cartel sexa principal e non de simple colaborador, fronte a outras mencións de responsabilidade (fotógrafo/s, ilustrador/s), excepto á de deseñador/s

Exemplos:

100 0# \$a Laxeiro \$d (1908-1996)  
245 10 \$a Festas Apóstolo 85 \$h [Material gráfico] \$b : Concello de Santiago \$c / Laxeiro  
700 1# \$a Lobato, Xurxo \$d (1956-)

245 00 \$a Día das Letras galegas 1986 \$h [Material gráfico] \$b : o 2º Premio de Poesía  
"Lorenzo Varela" do Partido Comunista de Galicia ficou deserto \$c / [debuxos], Laxeiro  
700 1# \$a Laxeiro \$d (1908-1996)

100 1# \$a Idea Agencia de Publicidade  
245 00 \$a II Festival Internacional de Música de Galicia \$h [Material gráfico] \$b : xullo = julio =  
july \$c / deseño, Idea ; [ilustración], Felipe Criado  
700 1# \$a Criado, Felipe \$d (1928-)

*Aínda que sempre haberá excepcións:*

Exemplo:

100 10# \$a Criado, Felipe \$d (1928-)  
245 00 \$a Carnaval 91 \$h [Material gráfico] \$c / Felipe Criado ; realiza, G&C, Galicia  
Comunicación  
710 2# \$a Galicia Comunicación

*O punto de acceso principal é o artista fronte ó deseñador. Considerouse que, neste caso, o artista ten una participación máis relevante na realización do cartel*

## Reproducións

No caso de reprodución de obras de arte, o asento principal irá baixo o nome do autor da reprodución, sempre que o soporte utilizado sexa diferente do da obra orixinal. Farase asento secundario do autor-título correspondente á obra orixinal se

o autor é coñecido. No caso contrario, aplicarase para o asento secundario o establecido para obras de arte de autor descoñecido (V. 14.6.3.F).

Se se trata de reproducións mecánicas modernas (a partir de 1901), o asento principal irá baixo o nome do autor da obra orixinal, se é coñecido, ou aplicarase a citada regra (14.6.3.F) no caso contrario. Farase un asento secundario polo nome da persoa ou entidade responsable da reprodución.

### **Outras regras como as referidas a Copias e Obras retocadas**

Non son aplicables

### **Obras carentes de mención de autor**

Cando nunha obra non apareza mención de autor e os distintos repertorios e fontes de referencia autorizados a atribúan a unha determinada persoa, o asento principal irá baixo o nome da mesma.

Exemplo:

100 1# \$a Álvarez Balboa, Miguel  
245 10 \$a Así é (se vos parece), Pirandello«h» [Material gráfico]  
593 ## \$a Atribuído a Miguel Álvarez Balboa (Centro Dramático Galego: 20 anos,  
1984-2004, Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, 2004, p.130)

### **Obras de autor descoñecido**

As regras prescriben (14.6.3 F) que cando se descoñeza o nome do autor dunha obra e se careza por completo de atribución de autoría nas fontes de referencia autorizadas, se empregará como punto de acceso do encabezamento o termo “Anónimo” na forma en que establece o punto 15.4.3 C.

Por considerar que esta regra parece pensada para outro tipo de materiais gráficos nos que o aspecto artístico é esencial (gravados, etc.), non a utilizaremos nos carteis. Neste caso, o punto de acceso principal irá baixo o título

Exemplo:

Pola seguridade das nosas costas, Casón, responsabeis dimisión [Material gráfico] :  
día 20 de marzo, 12,30 na Coruña, manifestación / convocan, ADEGA, CNOP ;  
apoian, BNG, INTG, LCR, MCG, UPG. -- [Santiago de Compostela : ADEGA,  
1988] (Santiago [de Compostela] : Velograf)

## Asentos secundarios

De acordo co prescrito nas regras xerais (14.6.3 A/14.6.3 F) e nas regras específicas para materiais gráficos (14.6.3 G) así como coas determinacións do MPM da RBG, e tendo en conta as características dos carteis, faranse os seguintes asentos secundarios:

- *dos autores* que realicen unha aportación que non sexa a principal na obra gráfica
- *dos editores*. No caso dos carteis, faranse sempre secundarias dos editores xa que normalmente son a entidade ou empresa responsable do acontecemento anunciado no cartel – por ex.: carteis de teatro que edita unha compañía teatral, cartel de festas dunha cidade que edita un concello.
- *das imprentas*. No caso dos carteis, faranse sempre secundarias dos impresores dado o importante papel das imprentas e dos talleres litográficos na realización dos carteis.
- *opcionalmente*, poderanse redactar asentos secundarios de calquera outro responsable que figure no documento.

## REGRAS ESPECIAIS PARA A FORMA DO ENCABEZAMENTO NA CATALOGACIÓN DE MATERIAIS GRÁFICOS (Cap. 15.4.3 RC)

As Reglas prescriben que “Sempre que un encabezamento estea constituído por un nome persoal, engadiranse a dito nome, entre parénteses, os anos de nacemento e morte da persoa á que corresponda. Se algunha data se presenta como dudosa, engadirase un interrogante. Se se descoñece unha delas, deixarase en branco os espazos destinados á inscrición da mencionada data. Nos casos nos que se descoñezan ambas datas, procurarase reemplazalas por unha indicación do século no que transcurriu na súa maior parte a vida activa da persoa citada” (15.4.3 A)

Exemplos:

100 1# \$a López Domínguez, Xan\$d(1957-)

100 1# \$a Campos, Xesús\$d(1952-1991)

A regra 15.4.3 B Nomes de escola artística, círculo ou taller, non é aplicable ós carteis. E, de acordo co que xa dixemos na elección de puntos de acceso, non utilizaremos o termo “Anónimo” que prescribe a regra 15.4.3 C como punto de acceso principal.

|   |
|---|
| <b>100 Encabezamento principal - Nome de autor persoal (NR)</b> |
|---|

Este campo contén un nome de persoa utilizado como encabezamento principal.

**Indicadores:**

*Primeiro*      *Tipo de nome de persoa*

**0 Nome en orde directo**

Úsase para nomes de pila ou para nomes consistentes en palabras, frases, iniciais, letras ou números en orde directa que identifican a un autor.

Exemplos:

**100 0#** \$a Kukas \$d (1954-)

**100 0#** \$a Caballero Audaz

**100 0#** \$a J.M.F.

**1 Apelido/s con ou sen nome**

Úsase para nomes con un ou varios apelidos seguidos ou non dun nome de pila.

Exemplos:

**100 1#** \$a Quessada, Xaime \$d (1937-)

**100 1#** \$a Díaz Pardo \$d (1920-)

**101 1#** \$a Rodríguez, Aurora \$q (Rodríguez Sánchez)

**3 Nome de familia**

Este valor indica que o elemento inicial é un nome de familia, clan, dinastía, casa ou grupo. O nome pode presentarse en orde directa ou inversa.

Exemplos:

**100 3#** \$a Austria, Casa de

**100 3#** \$a Bardaxí (Familia)

*Este indicador non parece aplicable na descrición de carteis. Sí o será nas etiquetas 600 ou 700*

**Segundo**

#      Non definido

**Subcampos:**

**\$a Nome de persoa (NR)**

Contén o nome de autor persoal. O nome pode ser apelido, nome de pila, letras, iniciais, frases, nomes de familia, ...

**\$b Numeración (números asociados ó nome) (NR)**

Contén un número romano seguido ou non dunha parte do nome de pila. Úsase para nomes de Reis, Papas, etc., sendo polo tanto o primeiro indicador 0. Nos casos nos que os nomes pertencen a outra categoría diferente á antedita e leven numeración tanto arábica coma romana, esta numeración irá indicada no \$c.

Exemplos:

**100 0#** \$a Juan \$b XXIII, \$c, Papa

**101 0# \$a** Felipe**\$bII**\$c, Rey de España

**102 1# \$a** Appleton, Víctor**\$c**, II

*Os dous primeiros exemplos deste código non parecen aplicables na descrición de carteis. Sí o serán nas etiquetas 600 ou 700*

### **\$c Títulos e outras palabras asociadas ó nome (R)**

Contén un termo co cal se califica a un nome de persoa. Inclúense neste subcampo:

-Títulos e palabras que denotan rango, cargo ou nobreza (Cardeal, Marqués, etc.)

-Termos de tratamento

-Iniciais de grao académico

-Números romanos (só cando o elemento inicial corresponde a un apelido)

-Outras palabras ou frases asociadas ó nome (Santo, El Joven, etc.)

-Os calificadores creados por nós **para diferenciar autoridades** (Economista, Xuíz, etc.). Neste caso o calificativo irá entre paréntese e en galego.

Exemplos:

**100 1# \$a** Saavedra, Pedro**\$c**(Xuíz)

**100 0# \$a** Tomás de Aquino **\$c**, Santo

**100 0# \$a** Juan Manuel **\$c**, Infante de Castilla

No caso de ter que engadir varios calificativos a un nome, gravaranse todos nun único subcampo \$c, a non ser que tiveran que levar información intercalada, caso no que sí se repetería o subcampo.

*Os dous últimos exemplos destes códigos non parecen aplicables na descrición de carteis. Sí o serán nas etiquetas 600 ou 700*

### **\$d Datas asociadas ó nome (NR)**

Úsase para indicar as datas de nacemento e morte dun autor. No caso dos carteis, darémolas sempre na forma xa referida para os materiais gráficos.

Exemplos:

**100 1# \$a** Seoane, Luis **\$d** (1910-1979)

### **\$q Forma desenrollada do nome (NR)**

Úsase para desfacer as chamadas homonimias aparentes e diferenciar así autoridades.

Exemplos:

**100 1# \$a** Castillo Ferrando, J.R. **\$q** (Juan Ramón)

Norma de transcripción: entre o \$q e o primeiro paréntese ten que haber un espazo.

Nos carteis, a homonimia será pouco habitual ó utilizar sempre o \$d

**O resto dos subcampos incluídos no campo 100 non se cubrirán.**

### Regras ortográficas:

1. As iniciais codificaranse cos puntos e cun espazo en branco entre elas
2. As maiúsculas acentuaranse sempre
3. Non deixar espazos entre os guións das datas nin dentro dos parénteses.

### REDACCIÓN DAS AUTORIDADES

As autoridades redactaranse segundo as pautas marcadas na RCE 15.1 para nomes de persoas e as especificacións determinadas polo MPCM da RBG.

|   |
|---|
| <b>110 Encabezamento principal - Nome de entidade</b> |
|---|

Este campo contén un **nome de entidade** usado como punto de acceso principal. Considéranse entidades os entes colectivos, é dicir, as organizacións, institucións, empresas, gobernos e os seus organismos dependentes, planos e programas, igrexas, asembleas, etc., aínda de carácter temporal, que teñan un nome polo que sexan formalmente identificados.

Nos carteis non se aplicarán as regras xerais de asento baixo nome de entidade. Seguiremos o determinado no apartado anterior, etiqueta 1XX, *Elección de puntos de acceso para carteles*, punto b) considerar como posible punto de acceso principal non so a un **autor personal** (artista plástico, ilustrador, diseñador, fotógrafo) sinon tamén a unha **entidad** cando esta figure como responsable colectivo na realización dun cartel (axencias de publicidade, empresas de diseño gráfico, estudos fotográficos, etc.). Non consideraremos a unha entidade como punto de acceso principal cando a súa participación se limite unicamente á de empresa ou entidade pública responsable do acontecemento anunciado; e iso, aún cando non teñamos no documento outro responsable principal.

Exemplos:

**110 2#** \$a Imago Mundi

**110 2#** \$a Re-Visión

**110 2#** \$a Galicia Comunicación

**110 1#** \$a A Coruña \$b. Concello\$b. Oficina de Imaxe

### Indicadores:

|                  |  |
|------------------|--|
| <i>Primeiro:</i> | <i>Tipo de nome de entidade</i>                    |
| <b>1</b>         | <b>Nome de xurisdición como elemento inicial</b>   |
|                  | Exemplo:<br><b>110 1# \$a</b> A Coruña (Provincia) |
| <b>2</b>         | <b>Nome da entidade en orde directo</b>            |
|                  | Exemplo:<br><b>110 2# \$a</b> Uqui-Cebra           |
| <i>Segundo</i>   | <i>Non definido</i>                                |
| <b>#</b>         | Non definido                                       |

### Subcampos:

#### **\$a Nome da entidade ou xurisdición como elemento inicial (NR)**

Neste dólár irá o nome da entidade que actúa como encabezamento principal: un nome de xurisdición (indicador 1) se entra por ela, ou o nome da propia entidade (indicador 2) cando entra directamente.

Exemplos:

**110 2#\$a**Eloy Lozano (Agencia de publicidade)  
*O determinante da entidade vai no mesmo \$a. Non se codifica no \$c.*

#### **\$b Entidade subordinada (R)**

Neste dólár irá a entidade dependente. No caso de que a entidade entre por xurisdición, o nome propio da entidade tamén vai neste dólár.

Exemplos:

**110 1#\$a**A Coruña **\$b.**Concello **\$b.**Oficina de Imaxe  
**110 2# \$a**Universidade da Coruña.**\$b.** Departamento de Publicidade

*O resto dos códigos:*

**\$c Lugar, sede do congreso (NR)**

**\$d Data do congreso ou da firma dun tratado (R), e**

**\$n Número do congreso (R) / Número de parte ou sección da obra (R)**

*non parecen aplicables na descripción de carteis. Sí o serán nas etiquetas 610 ou 710*

### **CÓMO REDACTAR AS AUTORIDADES**

-As autoridades redactaranse seguindo as pautas marcadas nas R.C. no capítulo 1.5.2 para entidades e as especificacións determinadas polo MPCM da RBG.



## 20X-24X Título e campos relacionados co título

Utilizaremos unicamente o campo **245 Mención de título**

### 245 Mención de título (NR)

Este campo contén a área de título e mención de responsabilidade dun rexistro bibliográfico, que consiste no título propiamente dito (\$a), o resto do título (\$b), información complementaria sobre o título (\$b) e a mención de responsabilidade/resto de transcripción da portada (nos carteis, fonte principal de información) (\$c).

#### Normas de transcripción (RC 5.1.3):

##### *Título propiamente dito*

Para a transcripción do título propiamente dicho aplicaranse as regras contidas no punto 1.1.3 das RC así como o determinado polo MPCM da RBG, e ademais as seguintes regras específicas para materiais gráficos.

No caso de que sexa necesaria a omisión da parte dun título, incluíranse sempre as cinco primeiras palabras como mínimo.

Exemplo:

**245 00** \$a O Centro Dramático Galego presenta O Entroido ... \$h [Material gráfico]

Poderanse omitir, sen usar o signo de omisión, os datos que non constitúan información sobre o título nin estean gramaticalmente nin de calquera outra forma unidos ó título. A información omitida (funcións de padroado, lemas, anuncios, prezos, etc.) poderase incluír na súa área correspondente, sempre que se considere necesaria.

Exemplo:

**245 10** \$a XXXV Romería Vikinga, Catoira«h» [Material gráfico] \$b : 29 e 30 de xullo e do 1 ó 5 agosto \$c José L.Abalo  
**500 ##** \$a "Declarada de interés turístico nacional"

Exemplo:

**245 10** \$a Baloncesto«h» [Material gráfico] \$b : Palacio de los Deportes, La Coruña : final copa S.E. el Generalísimo, R. Madrid-Juventud : jueves, 13 abril \$c / Siro  
**594 ##** \$a Patrocina: "Cerveza Estrella Galicia, ¡esta es la nuestra...y sabe mejor!"

Cando non sexa fácil discernir de entre as distintas inscricións que aparecen no documento cal delas é o título, recurrirase á tipografía para decidir cal é o título propiamente dito.

Exemplo:

**245 00** \$a Cataluña«h» [Material gráfico]«b» : cancionero popular internacional

*No orixinal aparece: “Cancionero popular internacional” diante do título propiamente dito e en letra pequena*

Cando haxa partes do título distribuídas decorativamente pola obra, componse o título propiamente dito segundo a disposición da tipografía.

Exemplo:

245 00 \$a Béjart-Vila Matas«b» [Material gráfico] \$b : skizze = croquis = sketch = croquis = schets

*No orixinal aparecen os subtítulos arredor do título*

Cando as palabras do comezo do texto constitúan a única fonte de información que se poida considerar como título, rexistraranse como título propiamente dito só no caso de que estean directamente relacionadas co contido do material gráfico. No caso contrario, farase un título facticio e ditas palabras daranse na área de notas. Véxase o 5.7.3 A.

Exemplo:

245 10 \$a [Alfonso XIII] \$h [Material gráfico] \$b : [caricatura]

*No cartel orixinal aparecen as seguintes inscricións: “Biba [sic] la Pepa ... que es mi pueblo”, “Constitución”, “Lex”, “Derechos de ciudadanía*

Se aparecen na mesma lingua dous títulos e coa mesma importancia, poderase escoller un ou outro, procurando optar polo máis curto e máis claro.

Exemplo:

245 10 \$a Aleluyas radicales \$h» [Material gráfico]«b» : skizze = croquis = sketch = croquis = schets

594 ## \$a Outro tít.: ¡Alerta, Alerta, federales!

*Empregaremos a etiqueta 594 en combinación coa 740, ó non utilizar a etiqueta 246 para variante de título*

#### Títulos facticios:

- Cando na obra gráfica apareza como único texto o nome do autor ou responsable, farase un título facticio (véxase, máis adiante 5.1.3 N, redacción de títulos facticios), e dito autor ou responsable citarase na mención de responsabilidade. Trátase dun suposto pouco probable nos carteis ; o exemplo seguinte, tomado das regras, pertence posiblemente a outro tipo de material gráfico.

Exemplo:

245 10 \$a [Dos ciegos tocando uno la guitarra y otro el violín] \$h» [Material gráfico] \$c / L Alenza

- Cando **unha colección** non teña título colectivo, farase un título colectivo facticio

- O conxunto de documentos que presente algunha característica común que permita agrupalos poderá ser **tratado como unha colección** a efectos de descrición, para o cal se redactará un título facticio

Exemplo:

245 10 \$a [Festas de Carballo] \$h» [Material gráfico]

- Redacción de títulos facticios (5.1.3 N):

. deberán reflexar o contido do documento, incluíndo os datos seguintes que no seu caso proceda: identificación da principal materia descrita (persoas, acontecementos, actividades e obxectos), lugares xeográficos descritos, se son

coñecidos e significativos, e, finalmente, a data (incluíndo mes e día, se se desexa) ou período de tempo que se describa, se difire da data de publicación ou de execución

Exemplo:

245 10 \$a [Retrato de Antonio Enríquez Gómez]  
245 00 \$a [Incendio en la Plaza Mayor de Madrid en 1790]  
245 00 \$a [Vista de Madrid]

. cando o material gráfico se base nunha obra realizada orixinalmente noutro medio (pintura, arquitectura, escultura, etc.) e non teña título, indicarse como título facticio o da obra orixinal

. nas obras abstractas que carezan de título e non se poida averiguar, utilizarase a frase “Sen título” entre corchetes.

Exemplo:

245 10 \$a [Sin título] \$c / H. Mompó

. o título colectivo facticio poderá incluír o nome do creador, entidade coleccionista ou fonte. Cando exista un título polo que comunmente sexa coñecida a colección adoptarse este título

Exemplo:

245 10 \$a [Colección de dibujos de Vicente López]

#### Título extraído de fontes externas.

- Se o documento carece de título, pero aparece citado en fontes externas con títulos que difiren en canto á forma, a lingua ou o significado e ningún deles expresa o seu contido, elixirse o que figure na fonte máis autorizada.

Exemplo:

245 10 \$a Título \$h [Material gráfico]  
594## \$a Tít. tomado de: .....

- Cando o documento non teña título e se saiba que existe un título noutra copia, edición ou diferente estado da obra, transcribírase o título desa fonte entre corchetes. A fonte indicarse en nota. Neste suposto estarían as probas de estado ou os carteis en estado “avant la lettre”.

Exemplo:

245 10 \$a [Ganterie M. Pelsener-Lambert] \$h» [Material gráfico] \$c / [Victor Mignot]  
594 ## \$a Tít. tomado doutro exemplar

#### ***Designación xeral da clase de documento***

Farase constar o termo “*Material gráfico*” nas circunstancias e na forma indicadas no punto 1.1.4. das RC

#### ***Títulos paralelos***

Para a transcripción dos títulos paralelos, aplicaranse as regras establecidas no punto 1.1.5. das RC.

#### ***Subtítulo e/ou información complementaria sobre o título***

Para a transcripción do subtítulo e/ou información complementaria sobre el título, aplicaranse as regras establecidas no punto 1.1.6 das RC

Escribiremos sempre con minúscula a primeira letra da primeira palabra do subtítulo, a non ser que sexa nome de persoa, xeográfico ou de entidade.

### ***Mención de responsabilidade***

Para a transcripción da mención de responsabilidade, seguiranse as regras establecidas no punto 1.1.7 das RC así como as determinacións do MPCM da RBG que sexan de aplicación neste tipo de materiais, e ademáis:

No caso dos materiais gráficos, os nomes ou iniciais incluídos nun monograma ou lema, faranse constar seguidos da palabra “monograma” ou “lema” entre corchetes. Cando se conoza o nome completo, indicárase en nota.

Exemplo:

**110 2#** \$aGalicia Comunicación

**245 10** \$aFiesta del deporte \$h [Material gráfico] \$b : 24 de mayo de 1991, 22,30 horas, Salón Victoria, Hotel Finisterre \$c / realiza, G&C Comunicación ; [dibujo], AC [monograma]

**594##** \$a O monograma AC corresponde a Alberto Carpo

**700 1#** \$a Carpo, Alberto

### **Indicadores:**

#### *Primeiro Asento secundario do título*

- 0** Non hai asento secundario (para as obras sen encabezamento principal 1XX)  
**1** Hai asento secundario

#### *Segundo Carácteres que non alfabetizan*

- 0-9** Número de caracteres que non alfabetizan - Úsase para especificar os caracteres que se ignoran na alfabetización. Hai que contar, ademáis do número de caracteres do artigo, o espazo, puntuacións e signos diacríticos que preceden á primeira palabra significativa

Exemplos:

**245 01** \$a ¡Vacínate xa!, prevé a gripe! \$h [Material gráfico]

**245 03** \$a Os conflictos iugoslavos \$h [Material gráfico]

**245 01** \$a ¡Falemos da saúde!\$h [Material gráfico]

### **Subcampos:**

#### **\$a Título (NR)**

Este subcampo contén o título propiamente dito e calquera título alternativo. Quedan excluídos:

- A mención de número de parte/sección e o nome de parte/sección.
- Os títulos paralelos ou calquera información complementaria sobre o título.

En termos ISBD o subcampo \$a inclúe toda a información que se atopa ata o primeiro signo de puntuación ISBD, é dicir:

- un signo igual (=)
- dous puntos (:)
- unha barra (/)
- un punto e coma (;)
- a designación de material (ex. [Material gráfico])

Exemplos:

245 00 \$a Cañón do Sil \$h [Material gráfico] \$b : rutas de Ourense, Ribeira Sacra-Macizo Central

### **\$b Resto do título (información complementaria e títulos paralelos) (NR)**

O \$b contén o resto do título, que inclúe:

- Os títulos paralelos
- Os títulos que seguen ó primeiro (en obras sen título colectivo)
- Información complementaria sobre o título

En termos ISBD este subcampo contén tódolos datos que seguen ó primeiro signo de puntuación ISBD ata a barra (/) que introduce a mención de responsabilidade.

O \$b **non é repetible**, o que supón que cando hai máis dun título paralelo e/ou subtítulo, gravaranse uns a continuación dos outros, repetindo a puntuación ISBD as veces que sexa necesario.

Exemplos:

245 10 \$a Premio de Grabado Máximo Ramos \$h [Material gráfico] \$b : Madrid, Galería Brita-Prinz \$c / Segura Torrella

245 00 \$a Maletas viaxeiras \$h [Material gráfico] \$b : cultura sem fronteiras = Maletas viaxeiras : cultura sen fronteiras \$c Xan López Domínguez

### **\$c Primeira mención de responsabilidade; resto da transcripción da portada (NR)**

Este subcampo contén a mención de responsabilidade e o resto de datos que non foron codificados nos subcampos anteriores.

Nos rexistros creados de acordo coas regras ISBD o subcampo \$c contén tódolos datos que seguen á barra (/).

O sistema xera automaticamente a barra da primeira mención de responsabilidade. A puntuación das seguintes mencións temos que consigna a nós.

**IMPORTANTE!**

**Unha vez consignado un subcampo \$c xa non se pode incluír ningún outro subcampo do campo 245, posto que é o derradeiro campo desta área.**

Exemplos:

245 14 \$a Alecrín \$h [Material gráfico] \$c / gráfica, Suso R. Orenza ; foto, Eduardo Núñez

245 00 \$a Fiestas María Pita, La Coruña \$h [Material gráfico] \$c / realiza, G&C, Galicia Comunicación ; diseño, A. Matarranz, T. Garell

### **\$h Tipo de material (NR)**

Contén un termo indicador do tipo de material utilizado. Indícase entre corchetes, en galego, e vai a continuación do título propiamente dito

(subcampos \$a, \$n e \$p) e precede ó resto do título (\$b) e/ou á mención de responsabilidade (\$c)

Para os carteis, a forma empregada na designación de tipo de material será “*Material gráfico*”

Exemplo:

245 10 \$a Carnaval, La Coruña \$h[Material gráfico] \$c / Abelenda

**\$n Número da parte ou sección da obra (R)**

Neste subcampo rexístrase o número da parte ou sección da obra. Por número hai que entender unha indicación do tipo: Parte I, Primeira parte, I, etc.

En termos ISBD este subcampo vai precedido dun punto (.). As numeracións múltiples alternativas para unha parte ou sección danse nun único subcampo \$n.

**\$p Nome da parte ou sección da obra (R)**

Neste subcampo codifícase o nome da parte ou sección da obra.

Nos rexistros ISBD este subcampo vai precedido dunha coma (,) se vai despois dun subcampo \$n, e dun punto (.) se aparece despois dun \$a ou outro subcampo \$p.

Exemplo:

245 10 \$a Xoaquín Lorenzo Fernández \$n. 1 \$p, A memoria das cousas \$h [Material gráfico] \$b : Letras Galegas 2004 \$c / Aira Iniciativas Culturais ; textos, Alfonso Vázquez-Monxardín, Marcos Valcárcel ; deseño, O Clube da Esquina

**250-29X Campos de edición, impresión, etc.**

- 250 Mención de edición**  
**260 Publicación, distribución, etc. (Pé de imprenta)**

**250 Mención de edición (NR)**

Este campo contén a información relacionada coa edición dunha obra. No caso dos materiais gráficos, para a indicación da mención de edición aplicaranse as regras contidas no punto 1.2.3 A das RC. Como norma xeral, sempre que apareza no documento, consignarase este campo, agás que sexa unha primeira edición.

É moi raro que no material gráfico apareza mencionada a edición. Nalgúns casos, esta poderá averiguarse despois dun detallado exame do documento e con axuda de repertorios. Pola contra, é moi frecuente que apareza no caso das coleccións.

Nos carteis, a mención de edición parece aínda máis rara.; de feito, no fondo descrito non atopamos ningunha mención de edición.

**Normas de transcripción**

- Rexistraremos a mención de edición na mesma forma en que apareza no documento e de maneira abreviada (Apéndice VIII das RCE).
- Na transcripción dos numerais usaranse cifras arábegas na súa forma ordinal.
- Poñeremos punto (.) en tódalas abreviaturas.

**Indicadores:**

*Primeiro* # Non definido  
*Segundo* # Non definido

**Subcampos:**

**\$a Mención de edición (NR)**

Este subcampo contén a mención de edición e, cando non hai mención paralela ou mención de responsabilidade, tamén a mención de edición adicional.

En termos ISBD inclúe tódolos datos que se atopan ata o primeiro signo igual (=) ou a barra (/).

Exemplos:

**250 ##** \$a [3ª ed.]  
**250 ##** \$a Ed. española, [2ª ed.]

**\$b Resto da mención de edición (NR)**

Este subcampo contén o resto da mención de edición que normalmente consiste nunha mención de responsabilidade persoal ou corporativa e pode incluír: unha mención de edición paralela, unha mención de edición adicional (cando haxa mención de edición paralela ou unha mención de

responsabilidade) ou unha mención de responsabilidade relativa á mención adicional.

Nos rexistros en ISBD este subcampo contén tódolos datos que seguen ó primeiro signo igual (=) ou á barra (/).

Despois de consignar un subcampo \$b non se pode codificar ningún outro subcampo do campo 250.

## 260 **Publicación, distribución, etc. (NR)**

Neste campo gravarase a información relativa á área de publicación, impresión, distribución, aparición ou produción dunha obra.

No caso dos materiais gráficos, os elementos desta área aplicaranse só a materiais gráficos publicados; para os materiais gráficos non publicados empregárase unicamente o elemento “data” (véxase 3.4 no Capítulo de Manuscritos), e o lugar de realización do material non publicado *poderá* darse en nota.

### **Normas de transcripción**

***Para as abreviaturas***, seguiranse as normas xerais das RC e as determinacións do MCPM da RBG:

-Debe consignarse o punto en tódalas abreviaturas que o leven.

-As abreviaturas empregadas neste campo e que van sempre en minúsculas e entre corchetes son:

[S.l.] (leva a S en maiúsculas) cando descoñecemos o lugar de publicación

[s.n.] cando descoñecemos o nome do editor

[i.e.] cando hai un erro

-D.L. escríbese coas dúas iniciais en maiúsculas e cos puntos, deixando un espazo antes da data.

-As abreviaturas de copyright (cop.) e de impresión (imp.) sempre van en minúsculas deixando un espazo antes da data que lle segue, ó igual que no caso da data de D.L.

***Para a indicación do lugar de publicación***, aplicaranse as regras establecidas no punto 1.4.3 así como as determinacións recollidas polo MCPM da RBG que sexan de aplicación neste tipo de materiais, e, ademáis, as seguintes para materiais gráficos:

Cando na fonte de información apareza só unha dirección, distrito, etc., engadírase entre corchetes o nome do lugar de publicación na lingua do documento, sempre que sexa posible. A interpolación xustificárase en nota, se se considera necesario.

Exemplo:

260 ## \$a [Barcelona] (Calle Montserrat, 3)

Se se asigna un lugar de publicación, e a razón non está moi clara, indícarase en nota a fonte de onde se tomou

Exemplo:

260 ## \$a [A Coruña?] \$b : Escuela de Náutica

596 ## \$a Lugar de edición tomado da Oficina do Depósito Legal

Cando o lugar de publicación apareza unicamente como parte doutra área ou como parte integrante da mención de editor, ou de autor, transcribírase como tal e



repetirse o lugar de publicación como o primeiro elemento da área de publicación. Utilizarase a forma actual, se existe, incluíndoa entre corchetes.

Exemplo:

**245 03 \$a** La Orquesta Spallant de La Coruña "donde ningún empresario es forastero" saluda a nuestros buenos amigos de Galicia, León y Asturias [Material gráfico].

**260 ## \$a** [A Coruña \$b : Orquesta Spallant\$c, 1968]

*O lugar de publicación aparece na mención de título*

Exemplo:

**245 10 \$a** XIV Trofeo 6ª Bandera de Traineras Teresa Herrera 99 \$h [Material gráfico] \$b : 7-8 de agosto 99, Ensenada del Orzán, La Coruña \$c / Foto Blanco ; [organiza] Federación Galega de Remo

**260 ## \$a** [A Coruña] \$b : Ayuntamiento de La Coruña \$c, [1999]

*Na fonte figura só Ayuntamiento de La Coruña*

**Para a indicación do nome do editor, distribuidor, etc.**, aplicaranse as regras contidas no punto 1.4.4 das RC así como as determinacións recollidas polo MPCM da RBG que sexan de aplicación nestes materiais, e, ademáis, as seguintes para materiais gráficos:

Se o nome do editor, que no caso dos carteis case sempre coincide coa entidade ou empresa responsable do acontecemento anunciado, non aparece máis que unido a algún elemento que non pertence á área de publicación, transcribírase como parte de dito elemento e repetírase entre corchetes na área de publicación

Exemplo:

**245 10# \$a** Culleredo, concello aberto \$h [Material gráfico] \$c S. González, V. Caparrós

**260 ## \$a** [Culleredo \$b : Concello de Culleredo \$c, 1992]

Cando non apareza nin o nome do lugar de publicación nin o nome do editor considerarase como editor o libreiro, impresor, estampador ou o establecemento litográfico.

Exemplo:

**245 00 \$a** Non ao monstruo do Atlántico \$h [Material gráfico]

**260 ## \$a** Santiago [de Compostela]\$b : Litografías 3C \$c, [1977]

No caso de que apareceran o editor e/ou o lugar de publicación, e calquera dos anteriormente citados, poñerase o editor onde lle corresponda, e o que figure dos outros poñerase no lugar do impresor

Exemplo:

**245 10 \$a** Ballet Gallego Rey de Viana presenta Ronsel \$h [Material gráfico]

**260 ## \$a** [Santiago de Compostela] \$b : Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais \$c, [2003] \$e ([A Coruña] \$f : Litoron)

Exemplo:

**245 10 \$a** XX Trofeo Teresa Herrera \$h [Material gráfico] \$b : Estadio Municipal de Riazor : La Coruña, 2 sep. 1965 \$c [diseño], Maxan ; [dibujos], Manzano

**260 ## \$a** [A Coruña \$b : s.n. \$c, 1965] \$e (La Coruña \$f : Roel)

Cando o nome dun editor se tome ou se deduza dun emblema, logotipo, etc., poñerase entre corchetes engadindo en nota a fonte de onde se tomou

Exemplo:

**245 10 \$a** Puebla del Caramiñal, fiestas patronales \$h [Material gráfico]

**260 ## \$a** [A Pobra do Caramiñal \$b : Concello da Pobra do Caramiñal \$c, 1966]

**596 ## \$a** Editor tomado do escudo do Concello que aparece na esquina superior dereita

Cando na fonte de información non aparezan máis que as señas, o distrito ou calquera outro dato relacionado co editor, indicárase entre corchetes o nome do editor, se se pode averiguar, antes ou despois do dato que figure no material gráfico. Se é necesario, consígnase en nota a fonte desta información.

Exemplo:

**260 ## \$a** Barcelona (Calle Montserrat, 3) **\$b** : [Peña Taurina Catalana]  
**596 ## \$a** Editor tomado das páxinas telefónicas

Cando non apareza no material gráfico ningún dato relacionado co editor, pero se poida averiguar dalgún xeito, dárase o nome do editor entre corchetes. Cando a responsabilidade dun editor nunha obra sexa dudosa, engadírase unha interrogante ó nome asignado ou dárase en nota a información que apoie o dato (5.4. 4 G)

Exemplo:

**245 0# \$a** Galiza no Parlamento Europeo **\$h** [Material gráfico] **\$b** : vota BNG, Bloque Nacionalista Galego, a alternativa galega  
**260 ## \$a** [Santiago de Compostela **\$b** : BNG **\$c**, 1987] **\$e** Santiago [de Compostela] **\$f** Velograf

Exemplo:

**245 0# \$a** 1º Premio de Poesía “Lorenzo Varela” do Partido Comunista de Galicia **\$h** [Material gráfico] **\$b** : Día das Letras Galegas 1985 **\$c** / dibuxos de Manuel Colmeiro  
**260 ## \$a** [Santiago de Compostela **\$b** : PCG? **\$c**, 1985]

Cando o lugar de publicación apareza unido á mención de editor, transcribírase como figure na fonte, e o lugar repetírase como primeiro elemento da área entre corchetes.

Exemplo:

**245 0# \$a** a I Festival de Jazz “Cidade de A Coruña **\$h** [Material gráfico] **\$b** : no Teatro Colón ás 10,30 noite  
**260 ## \$a** [A Coruña] **\$b** : Ayuntamiento de A Coruña **\$c**, [1983]  
*Na fonte so aparece Ayuntamiento da Coruña*

***Para a indicación da data de publicación***, aplicaránse as regras establecidas no punto 1.4.6 así como as determinacións recollidas polo MPCM da RBG que sexan de aplicación neste tipo de materiais, e, ademais, as seguintes para materiais gráficos:

Considérase data de publicación a que conste no material gráfico, que frecuentemente é a de creación da obra

Cando non conste a data de publicación nin a de execución, pero se coñeza que foi publicada ou executada no curso dun período determinado de tempo, indicárase as datas límite dese período.

Exemplo:

**260 ## \$a** [A Coruña **\$b** : El Fénix coruñés **\$c** antes de 1889]

Exemplo:

**260 ## \$a** Barcelona **\$b** : Imprenta y Librería de Salvador Manero **\$c** [entre 1858 y 1873]

Cando a data figure unida á mención do lugar ou do editor, ou á información de calquera outra área, transcribírase co elemento ó que apareza unida, e repetírase entre corchetes nesta área

Exemplos:

**245 1# \$a** 11 febreiro 1873: un anhelos, 14 abril 1931 **\$b** : una esperanza, 16 febreiro 1936 : una victoria **\$c** / **Renau 38**

**260 ## \$a** [Madrid] **\$b** : Partido Comunista de Galicia **\$c** [1938] **\$f** Sdad. General de Publicaciones (E.C)

**245 1# \$a** III Certamen Internacional de Cine de Humor Ciudad de La Coruña **\$h** [Material gráfico] **\$c** / [organiza] ACICO ; Javier Lillo 75

**260 ## \$a** [A Coruña] **\$b** : Ayuntamiento de A Coruña **\$c** [1975]

*Nos carteis*, case nunca aparece unha data estricte de publicación, polo que teremos que recurrir a outras datas, que consignaremos entre corchetes. Nos carteis procedentes do DL, se non hai data de publicación, tomaremos a data de DL como data de publicación. Nos carteis doutra procedencia nos que non conste data de publicación, de impresión ou número de DL, intentaremos aproximar o ano de publicación ou un período cronolóxico máis amplo recurrido a outras mencións tales como a data do acontecemento anunciado, unha data ligada á sinatura do autor do cartel, etc.

-poñendo antes a abreviatura “ ca.”

-pospoñendo o signo de interrogación

-ou mediante outra forma equivalente

Exemplos:

, [ca. 1782]

, [1895?]

, [entre 1790 y 1795]

**NUNCA se deixará esta parte da descrición en branco, nin se porá a abreviatura de sinne anno (s.a.) (RCE 1.4.6 F):**

Para a indicación do lugar de fabricación, do nome do fabricante e da data de fabricación, as RC para materiais gráficos determinan a aplicación do punto 1.4.7, que di: o lugar de fabricación e o nome do fabricante son elementos opcionais agás que non se coñezan nin o lugar de publicación nin o nome do editor; tamén a data de fabricación poderá indicarse opcionalmente a continuación da data de publicación cando no sexan coincidentes.

Pero, no caso dos carteis, o lugar e o nome do impresor consignarémolos sempre que figure no documento, mentres que a data de impresión poderá tomarse como data de publicación nos casos xa referidos e nos casos prescritos.

Exemplo:

**260 ## \$a** [Santiago de Compostela] **\$b** : Seminario Permanente de Educación para a Paz **\$c** [1995] **\$e** Noia **\$f** Graf. Sementeira

**Indicadores:**

*Primeiro* # Non definido

*Segundo* # Non definido

## Subcampos:

### **\$a Lugar de publicación, distribución, etc. (R)**

Este subcampo contén o lugar de publicación e tódalas adicións ó nome de lugar. No caso de que teñamos que rexistrar máis dun lugar de publicación gravaremos cada un deles nun \$a.

Exemplos:

260##\$aLondon (Ontario)

260##\$aVigo \$a ; Santiago de Compostela

### **\$b Nome do editor, distribuidor, etc. (R)**

Este subcampo contén o nome do editor e/ou distribuidor. Se temos que rexistrar varios nomes gravaremos cada un deles nun subcampo \$b.

Exemplos:

260 ## \$b Dirección Xeral de Cultura \$b : Universidade de Santiago de Compostela

### **\$c Data de publicación, distribución, etc. (R)**

Este subcampo contén a data de publicación. Se a data de publicación vai seguida dalgunha especificación grávase todo seguido no mesmo \$c. Se catalogamos unha colección, grávanse as datas extremas no \$c separadas por guión.

Exemplos:

260 ## \$c 1890 [i.e. 1980]

260 ## \$c D.L. 1990-1996

### **\$e Lugar de fabricación, impresión, etc. (NR)**

### **\$f Fabricante, impresor, etc. (NR)**

### **\$g Data de fabricación, impresión, etc. (NR)**

### 3XX Campos da descrición física

#### 300 Descrición física

|                                   |
|-----------------------------------|
| <b>300 Descrición física (NR)</b> |
|-----------------------------------|

Este campo contén a descrición física do documento, que consta da extensión, dimensións, ilustracións e material anexo. Terá que estar en relación co campo 007, Campo fixo de descrición física.

Registramos os datos seguindo as indicacións das Regras de Catalogación **en galego**.

Neste campo empréganse moitas abreviaturas; para consignalas, ter sempre en conta o *Apéndice de abreviaturas* do MPCM da RBG.

#### Indicadores:

|                  |              |
|------------------|--------------|
| <i>Primero</i> # | Non definido |
| <i>Segundo</i> # | Non definido |

#### Subcampos:

##### **\$a Extensión (R)**

Neste subcampo rexístrase a extensión e designación específica do material. Nos rexistros creados de acordo coas ISBD, este subcampo contén toda a información que haxa ata o seguinte signo de puntuación ISBD (dous puntos, punto e coma, máis: (:) (;) (+)).

Nos materias gráficos, para a designación específica do material aplicarase o punto 1.5.3 das RC así como as determinacións do MPCM da RBG que sexan de aplicación neste tipo de materiais, e ademais, as seguintes:

O termo utilizado para a designación específica do cartel é **“lámina”**, precedido do número de unidades en cifras arábicas -as RC din que “o uso do termo “lámina” estenderase a calquera tipo de material gráfico producido polos sistemas derivados dos procesos fotomecánicos (fototipia, ocogravado, offset, etc.). Este termo completarase co máis específico de **“cartel”** entre parénteses.

Exemplo:

300##\$a 1 lám. (cartel)  
300 ##\$a 10 lám. (cartel)

No caso dunha colección de carteis gardados nunha carpeta, caixa, álbum, etc., a extensión do documento describirase nos termos da carpeta, caixa, álbum, etc., engadindo a continuación o número de partes que o compoñen entre paréntese.

Exemplo:  
300##\$a 1 carpeta (9 carteis)

A indicación do soporte será opcional na mención de extensión. Indicarase o tipo de soporte “primario” ou “secundario” cando se considere de interese para o centro catalogador.

Exemplo:  
300##\$a 1 lám. (cartel) sobre tea  
*Soporte primario*

Exemplo:  
300##\$a 1 lám. (cartel) montado sobre madeira  
*Soporte secundario*

### **\$b Outras características físicas (NR)**

As RC din que, como norma xeral, indicarase neste subcampo se a imaxe está coloreada ...

Exemplo:  
300##\$a 1 lám. (cartel) \$b : col.

Pero o cartel, moitas veces só contén texto, de modo que faremos constar esta circunstancia; é dicir, se só contén texto, se só contén imaxe, con ou sen cor, ou se contén ámbalas cousas. Farémolo da seguinte maneira:

Exemplo:  
300##\$a 1 lám. (cartel) \$c ; 56 x 22 cm  
*O cartel non contén imaxe, só texto en branco e negro*

Exemplo:  
300##\$a 1 lám. (cartel) \$b : col. \$c ; 56 x 22 cm.  
*O cartel no contén imaxe, só texto en cor*

Exemplo:  
300##\$a 1 lám. (cartel) \$b : il. col. \$c ; 56 x 22 cm  
*O cartel contén imaxe en cor, ou imaxe e texto en cor*

Cando nunha colección aparezan algúns documentos en cor, poderase facer constar tal circunstancia dunha forma xeral, ou ben dando o número dos mesmos

Exemplo:  
300##\$a 9 lám. (cartel) \$b : varias col.  
300##\$a 9 lám. (cartel) \$b : 3 col.

A indicación do procedemento ou técnica empregados será obrigatorio facelo constar no caso das estampas, debuxos, fotografías, collages e pinturas. Nos demais casos, como no dos carteis, será opcional.

Exemplo:  
300##\$a 1 lám. (cartel) \$b : litografía

Exemplo:  
300##\$a 1 lám. (cartel) \$b : linóleo, col.

Opcionalmente, no caso de litografías, poderase indicar o número de cores ou, se se considera convinte, farase constar na área de notas

Exemplo:

300##\$a 1 lám. (cartel) \$b : cromolitografía, 4 col.

*Nota*

597 ## \$a Estampada en verde, ouro e prata sobre fondo vermello

Cando se empreguen varias técnicas nunha obra gráfica, indícarase a que predomine. Os termos para designar o soporte, a técnica, o proceso e o formato poderán combinarse libremente mediante o uso de conxuncións e preposicións

Exemplo:

300##\$a 1 lám. (cartel) \$b : tipografía y xilografía

*Regras de catalogación*

Exemplo:

300##\$a 1 lám. (cartel) \$b : tipografía (texto), cromolitografía e xilografía (ímaxe)

*Biblioteca Nacional*

Se non se lograra identificar a técnica predominante, utilizarase o termo “técnica mixta”

Exemplo:

300##\$a 1 lám. (cartel) \$b : técnica mixta

## **\$c      Dimensións (R)**

Este subcampo contén as dimensións dun documento ou o seu formato, normalmente en centímetros ou milímetros.

Os diferentes tipos de material gráfico necesitan distintas clases de medidas para reflectir adecuadamente o tamaño da imaxe total ou do total da obra. Poderanse dar as dimensións tanto do soporte primario como do secundario.

Como norma xeral, a mención das dimensións farase dando altura por anchura, determinándose pola posición na que a imaxe deba ser contemplada. A altura sempre se dará en primeiro lugar

Exemplo:

300##\$a 1 lám. (cartel) \$b : col. \$c 65 x 40 cm

As RC establecen que o tamaño dos materiais gráficos se expresará en centímetros, tendo en conta que as fraccións de centímetro se aproximarán á medida seguinte, indicada en medios centímetros ou en centímetros completos, aínda que opcionalmente, cando o centro catalogador o considere convinte, as medidas poderanse expresar en milímetros en tódolos casos.

Optaremos por indicar as dimensións exactas en centímetros

Exemplo:

300##\$a 1 lám. (cartel) \$b : col. \$c 65,3 x 49,8 cm

*É a medida real do cartel*

e non 300##\$a 1 lám. (cartel) \$b : col. \$c 65,5 x 50 cm

Cando a imaxe conste de máis dunha folla, medírase o conxunto das follas, pero cando o tamaño destas non sexa uniforme e non excedan de dous, daranse a altura e a anchura de ambas, e cando sexan máis de dous, poñeranse as medidas extremas de altura por anchura, seguido do termo “ou menos” (RC 5.5.5 C)

Exemplo:

**300##**\$a 1 lám. (cartel, 4 h.) \$c ; tamaño total 220 x 120 cm

*O tamaño das 4 follas de que consta o cartel é uniforme*

Exemplo:

**300##**\$a 1 lám. (cartel, 2 h.) \$c ; 20 x 20 y 30 x 30 cm.

*Faise constar o tamaño diferente das follas cando non exceden de 2*

Exemplo:

**300##**\$a 1 lám. (cartel, 6 h.) \$c 50 x 40 cm. ou menos

*Fanse constar as medidas extremas cando temos máis de 2 follas de diferente tamaño*

En tódolos casos, opcionalmente, poderanse engadir outras dimensións que poidan axudar á identificación das obras, especificando o aspecto que fora medido

Exemplo:

**300##**\$a 1 lám. (cartel, 3 h.) \$b : il. col. \$c ; tamaño total 57 x 120 cm. en h. de 57 x 40 cm.

Cando unha imaxe non sexa totalmente visible debido a un soporte que non se poida quitar, ou a calquera outra obstrucción, daranse as medidas da parte visible e, se se desexa, as do soporte

Exemplo:

**300##**\$a 1 lám. (cartel) \$b : litografía \$c ; imaxe visible 85 x 47 cm., nun soporte de 95 x 56 cm.

Cuando a obra estea nun marco, considerarase como parte da obra. Daranse as dimensións do marco, de forma independente, especificandoo como tal

Exemplo:

**300##**\$a 1 lám. (cartel) \$b : litografía \$c ; imaxe visible 85 x 47 cm., nun marco de 95 x 56 cm.

Se as dimensións son irregulares, procederase como segue, segundo os casos:

- nas formas circulares, indicarse o diámetro especificado como tal. Usarase a abreviatura “diám.”

Exemplo:

**300##**\$a 1 lám. (cartel) \$b : il. col. \$c ; imaxe 46 cm. diám.

- nas formas ovaladas daranse o eixo maior e o menor, especificandoo coa palabra “oval”

Exemplo:

**300##**\$a 1 lám. (cartel) \$b : il. col. \$c ; imaxe oval 46 x 35 cm.

- as formas irregulares mediranse inscribíndoas nun rectángulo imaxinario para obter as dimensións. Usarase a abreviatura “irreg.” e, se se desexa, calquera palabra ou frase que describa a forma

Exemplo:

**300##**\$a 1 lám. (cartel) \$b : il. col. \$c ; irreg., imaxe triangular 46 x 35 cm.

Cando dentro dunha colección se dean documentos en distintas dimensións aplicarase a regra 5.5.5 C. das RC

Exemplo:

**300##**\$a 2 lám. (cartel) \$b : il. \$c ; 58 x 52 y 38 x 52 cm.



*Colección de carteis:: 2 lám. en 2 tamaños*

Das coleccións contidas en carpetas, caixas, álbumes, etc., daranse as medidas externas de éstes. Cando as obras, carpetas, álbums, etc., sexan de dous tamaños, daranse ambos. Cando sexan máis de dous, indicárase a altura maior de todos eles, seguida da anchura maior e do termo “ou menos”

Exemplo:

**300##\$a** 5 carpetas (50 carteles) **\$b** : il. col. **\$c** ; 70 x 53 cm. ou menos

*Colección de carteis: 5 carpetas de máis de 2 tamaños*

## **\$e**    **Material anexo (NR)**

Este subcampo contén unha descrición do material anexo. Se especificamos unha mención de descrición física asociada indícase entre parénteses.

Para os materiais gráficos, aplicáranse as normas xerais 1.5.6 das RC

## 4XX Mencions de serie - Información xeral

### 440 Mención de serie-Encabezamento secundario de título

|   |
|---|
| 440 Mención de serie- Encabezamento secundario de título(R) |
|---|

Para os materiais gráficos, aplicarase o punto 1.6 das RC así como as determinacións do MPCM da RBG.

Utilizarase unicamente a **etiqueta 440**. Este campo é ó mesmo tempo unha mención de serie e un encabezamento secundario de serie. Ó consignar as series no 440 non se utiliza o seu correspondente 830 para non duplicar a entrada secundaria.

Nos carteis, as mencións de serie son pouco comúns; de feito, no fondo descrito non atopamos máis que unha soa mención de serie

#### Indicadores:

*Primeiro*

# Non definido

*Segundo* **Caracteres que non alfabetizan**

**0-9** Número de caracteres que non alfabetizan

Úsase para especificar os caracteres que se ignoran na alfabetización. Hai que contar, ademais do número de caracteres do artigo, o espazo, puntuacións e signos diacríticos que preceden á primeira palabra significativa.

#### Subcampos:

**\$a** **Título (NR)**

Este subcampo contén o título da serie, que consignaremos de acordo coa norma 1.6 xa mencionada:

**Non se pode repetir o \$a.**

**\$v** **Designación de volume ou secuencia (NR)**

Este subcampo contén o número de volume da serie. Para a súa consignación seguiremos o punto 1.6.8. das RC: o número transcribírase sempre en cifras arábegas e pode ir precedido ou seguido do termo usado no documento, coas abreviaturas, se procede, das Regras de Catalogación.

**Non se pode repetir o \$v**

**\$n** **Número da parte ou sección da obra (R)**

Este subcampo contén unha designación de número dunha parte ou sección dun título de serie. A numeración pode vir indicada en calquera forma: Número 1, Parte 1, Suplemento A, Libro dos, etc. Exemplo:

**\$p Nome da parte ou sección da obra (R)**

Este subcampo contén o título da subserie ou sección dunha serie.

No caso de que unha serie con subserie teña dobre numeración, repetiremos o \$v (aínda que o formato Ibermarc especifica que é un subcampo non repetible).

**O resto de subcampos non os utilizaremos.**

Exemplo:

245 1# \$a Antón Avilés de Taramancos \$h [Material gráfico] \$b : Letras Galegas  
2003 \$c / produción, Aíra Iniciativas Culturais ; disigna, Edenia  
440 #0 \$a Educación primaria \$v ; 1-12

**MÁIS DUNHA SERIE**

Cando un documento forma parte de varias series simultaneamente, faremos unha repetición do campo 440 para consignar cada unha delas.

Tal e como din as Regras de Catalogación, no caso de que se trate de partes de obras catalogadas independentemente (Ver o apartado de Tratamento das obras en varios volumes do MPCM da RBG) faremos constar, primeiro, a serie formada cos datos da obra da que son parte e, a continuación, a serie na que as incluíu o editor.

## **5XX Notas - Información xeral**

A área de notas empregámola para facer constar toda aquela información que, sendo pertinente, non podemos consignar no resto da descrición bibliográfica.

### ***Normas xerais***

1. Redactaremos as notas sempre en galego agás cando consignemos unha cita entre comiñas noutra lingua.
2. A orde na consignación das notas ven dada pola orde interna das etiquetas que se empreguen, pero cando deamos máis dunha nota da mesma categoría (por exemplo 500) podemos seguir a orde indicada polas RC.
3. Tódalas notas referidas ó exemplar deberán gravarse no Rexistro de exemplar, nunca no Rexistro Bibliográfico.

### ***Normas para materiais gráficos***

No que se refire á natureza e forma das notas, procederase segundo o establecido no punto 1.7.3 das RC.

As etiquetas máis utilizadas nos carteis son as seguintes:

- 500 Nota xeral
- 505 Nota de contido
- 510 Nota de citas ou referencias bibliográficas
- 520 Nota de sumario, etc.
- 534 Nota sobre a obra orixinal
- 593 Nota ó encabezamento
- 594 Nota ó título e mención de responsabilidade
- 595 Nota de edición e historia bibliográfica
- 596 Nota sobre a área de publicación
- 597 Nota sobre a área de descrición física

|                           |
|---------------------------|
| <b>500 Nota xeral (R)</b> |
|---------------------------|

